1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 22000 (11/CPP-000064)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para que dea conta das políticas da Xunta en relación coa xestión, a conservación e a protección dos recursos hídricos e das concas hidrográficas, nomeadamente en relación co baleirado de encoros e a transferencia a Galicia das competencias na materia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Comisión e publicación

- 22017 (11/CPC-000042)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Do director xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar as liñas de actuación en materia de residuos, a tramitación do contrato da planta de incineración de Sogama e as previsións a respecto dos plans de xestión e de prevención de residuos de Galicia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22033 (11/CPC-000043)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Do director da Axencia Galega de Industrias Culturais, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o proxecto desenvolvido pola Axencia no ano 2021
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 21993 (11/INT-001173)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda

- 22079 (11/INT-001175)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa xestión e inspección das residencias de maiores

- 22101 (11/INT-001176)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga

- 22157 (11/INT-001179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co baleirado dos encoros galegos e a súa sanción

- 22172 (11/INT-001180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa prestación do servizo de transporte sanitario urxente

Admisión a trámite e publicación

- 21611 (11/INT-001152)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de xestión forestal

- 21652 (11/INT-001153)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a política do Goberno galego en relación coa instalación de parques eólicos en terreos de especial interese agrogandeiro

- 21653 (11/INT-001154)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da masiva instalación de parques eólicos

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 21695 (11/INT-001155)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de subvencións para as actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia

- 21716 (11/INT-001156)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de conservación dos bens de interese cultural

- 21754 (11/INT-001157)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas competencias para a xestión dos recursos naturais e enerxéticos de Galicia

- 21760 (11/INT-001158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa saturación dos servizos de Urxencias dos hospitais galegos

- 21800 (11/INT-001159)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación cos protocolos dos convenios de transición xusta

- 21812 (11/INT-001160)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa radicación dun complexo industrial forestal de transformación de produtos derivados da madeira

- 21818 (11/INT-001161)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da ría de Pontevedra

- 21823 (11/INT-001162)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de investimento en I+D+I

- 21850 (11/INT-001163)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a política do Goberno galego en relación coa matriculación nos ciclos medios de formación profesional cualificados como de baixa demanda

- 21856 (11/INT-001164)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a oferta formativa para a obtención dos certificados obrigatorios exixidos ás persoas traballadoras do mar

- 21863 (11/INT-001165)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa impartición de materias en secundaria

- 21875 (11/INT-001166)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución do Fondo Consenso

- 21887 (11/INT-001167)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas tarxetas Revolving

- 21946 (11/INT-001168)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do suicidio

- 21954 (11/INT-001169)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa cobertura de baixas do persoal sanitario dos ambulatorios galegos

- 21960 (11/INT-001170)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa escaseza de materiais didácticos e de libros de texto en galego nos centros de ensino

- 21969 (11/INT-001171)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa contaminación das augas polas verteduras de xurros procedentes de explotacións gandeiras

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 21923 (11/INT-001172)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa vertedura de xurro no río Tambre

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:06:55
Nº Rexistro: 22041
Data envio: 17/09/2021 13:06:55.524

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROPOSICIÓN DE LEI DE REFORMA DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO (2) (NUM. EXPE. 11/PPL-000007).

Emenda nº1, de Modificación. Artigo único

Substituír o texto do apartado Un do Artigo único polo seguinte:

"Un. Modifícase a letra g) do artigo 3, coa seguinte redacción:
Violencia no ámbito dixital: entendida como aquelas condutas ou actos de violencia machista e misoxinia cometidos, instigados, amplificados ou agravados, en parte ou totalmente, a través das redes de comunicación e tecnoloxías dixitais, plataformas de redes sociais, portais web, correo electrónico e sistemas de mensaxería instantánea así como calquera outro medio semellante a eles, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, ou análoga de afectividade no presente ou no pasado ou a de parentesco coa vítima; de forma puntual ou sostida e repetida no tempo, coa única finalidade de discriminación, vexación, humillación, dominación, control e intromisión sen consentimento na privacidade da vítima.
Igualmente, terán a consideración de violencia contra as mulleres os actos de violencia dixital exercidos por homes do seu contorno familiar, social, profesional ou académico. Exceptúanse as ferramentas de control parental que cumpran coa lexislación vixente destinadas á protección e seguridade das persoas menores de idade."

Emenda nº2, de Substitución. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Substituír o texto da Exposición de motivos polo seguinte:

"Desde a aprobación da Lei 11/2007 galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero a sociedade mudou

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moito. Transcorrida máis dunha década da súa entrada en vigor faise precisa a súa modificación para abranguer todas as formas de violencia machista e, tamén, os ámbitos nos que esta se produce.

Neste senso, unha das principais mudanzas acontecidas ao longo deste tempo foi o xurdimento das plataformas e redes de comunicación social a través da Internet, así como o crecente peso destas nas relacións humanas como axente de socialización. Redes e plataformas que contribúen á reprodución e perpetuación de roles e estereotipos machistas mais que tamén constitúen ferramentas para exercer violencia especialmente entre a mocidade por seren as xeracións máis novas principais usuarias das novas tecnoloxías.

Segundo os últimos datos publicados polo IGE a través da Enquisa estrutural a fogares, no ano 2018, o 90,19% das persoas en Galiza de 5 ou máis anos que usaron internet nos últimos 3 meses, participaron en redes sociais, 38,69 puntos máis que no ano 2013. Por grupos de idade, o 98,61% das persoas entre 25 e 39 anos representa o de maior participación, seguido do de 15 a 24 anos (97,55%).

Neste contexto, cómpre definir a violencia de xénero no ámbito dixital como forma de violencia machista, entendendo como tal aqueles actos e condutas cometidos, instigados, amplificados ou agravados, toral ou parcialmente, a través das redes de comunicación e tecnoloxías dixitais. Isto é, delitos como a distribución a través da rede de imaxes ou datos comprometidos de contido sexual (sextorsión), a usurpación da identidade doutra persoa co obxectivo de desprestixiar, danar ou menoscabar a súa persoa, o acoso, a coacción ou o control a través da rede, entre outros.

O primeiro informe de avaliación do Grupo de Expertos na loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia doméstica (GREVIO) sobre as medidas lexislativas e doutra índole que dan efecto ás disposicións do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a Violencia contra as Mulleres e a Violencia Doméstica (Convenio de Istambul), detectou carencias e retos que teñen que guiar a acción política nos próximos anos para poder dar pleno cumprimento ao Convenio, fundamentalmente co que ten que ver coa abordaxe integral de todas as formas e manifestacións da violencia contra as mulleres incluídas no Convenio.

Expresamente anima ás autoridades do noso país a continuar cos esforzos de sensibilización en torno á violencia contra as mulleres e a que a súa implementación inclúa todas as formas de violencia contempladas polo Convenio de Istambul, entre elas a violencia exercida a través do ámbito dixital. Unha recomendación que tamén trasladaron múltiples voces

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

expertas na materia na Comisión de Igualdade do Parlamento de Galiza durante os traballos de avaliación da Lei 11/2007 levados a cabo na X Lexislatura ou na Subcomisión creada para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero do Congreso.

Precisamente, o devandito Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero establece na medida 102 a obriga de ampliar o concepto de violencia de xénero a todos os tipos de violencia contra as mulleres contidos no Convenio de Estambul e inclúe na medida 109 a necesidade de perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital; ou a 112 que promove non considerar as inxurias e calumnias a través das redes sociais no ámbito da violencia de xénero como unicamente un delito leve.

Todas estas cuestións fan precisa a modificación da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que no seu artigo 3 establece as formas de violencia de xénero que permiten o recoñecemento de vítimas a aquelas mulleres que sofren algunha das formas descritas, o que lles outorgará a protección establecida lexislativamente así como das axudas ás que teñen dereito como tales e a poder acceder ao estatuto da vítima de violencia de xénero.

Resulta imprescindible definir a violencia de xénero no ámbito dixital non só para garantir o recoñecemento de vítimas a aquelas mulleres que padecen esta forma de violencia machista e poñer á súa disposición todos os recursos precisos para a súa atención, senón tamén para pór en marcha políticas de prevención da “sextorsión” (“sexting”) o “ciberbulling”, o “grooming” ou o ciberacoso e abuso sexual a menores de idade, que permitan identificar neste ámbito con antelación conductas e fenómenos emerxentes e previr a violencia de xénero dixital."

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2021 13:06:32

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2021 13:06:43

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:15:09
Nº Rexistro: 22047
Data envio: 17/09/2021 13:15:09.307

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE REFORMA DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO (2) (NUM. EXPE. 11/PPL-000007).

Emenda nº1, ao apartado Un, de Substitución. Artigo único

Substituír o texto do apartado Un do artigo Único polo seguinte:

"Un. Modifícase a letra g) do artigo 3, coa seguinte redacción:

g) Violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, que inclúe todo acto ou conduta de violencia de xénero cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) como internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxería e correo electrónico ou servizos de xeolocalización, coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima; con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella ou análoga de afectividade no presente ou no pasado, ou de parentesco coa vítima.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia dixital contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar, social, profesional ou académico.

Exceptúanse as ferramentas de control parental que cumpran coa lexislación vixente destinadas á protección e seguridade das persoas menores de idade.**"**

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGlgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:15:09
Nº Rexistro: 22047
Data envio: 17/09/2021 13:15:09.307

PARLAMENTO DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 17/09/2021 13:14:42

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22071
Data envio: 17/09/2021 14:17:45.936

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE REFORMA DA LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO (2) (NUM. EXPE. 11/PPL-000007).

Emenda nº1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo único

Proponse modificar o apartado Un do artigo único, que terá o seguinte contido:

"Modifícase a letra g) do artigo 3, coa seguinte redacción:

"g) Violencia de xénero dixital, que inclúe todos aqueles actos de violencia de xénero e misoxinia en liña cometidos, instigados, amplificados ou agravados, en parte ou totalmente, mediante o uso de tecnoloxías da información e da comunicación, plataformas de redes sociais, webs ou foros, correo electrónico e sistemas de mensaxería instantánea e calquera outro medio similar, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, ou análoga de afectividade no presente ou no pasado ou a de parentesco coa vítima, coa única finalidade de discriminación, dominación, control e intromisión sen consentimento na privacidade da vítima."

Emenda nº2, ao apartado Tres, de Adición. Artigo único

Proponse engadir un novo apartado Tres no artigo único, que terá o seguinte contido:

"Tres. Modifícase o punto 2 do artigo 6, coa seguinte redacción:

2. As campañas que se desenvolvan dedicarán atención específica á sensibilización e á formación da poboación xuvenil na prevención e identificación de actitudes que constitúan actos de violencia de xénero, con especial incidencia na violencia de

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xénero dixital. Así mesmo, as campañas farán posible a súa accesibilidade ás mulleres con máis dificultades para achegarse aos recursos e á información. As campañas faranse nun formato accesible e comprensible ás persoas con diversidade funcional, utilizando a linguaxe de signos ou outras modalidades de comunicación.
Deseñaranse campañas específicas que teñan en conta as circunstancias que dificultan ás mulleres do ámbito rural o acceso á información, e colaborarán no desenvolvemento delas coas asociacións de mulleres rurais."

Emenda nº3, ao apartado Catro, de Adición. Artigo único

Proponse engadir un novo apartado Catro, co seguinte contido:

"Engádese un novo artigo 11 bis, que queda redactado como segue:

"Artigo 11 bis. Convenios coas plataformas dixitais.

O Goberno galego debe impulsar un convenio coas principais plataformas intermediarias da Internet para establecer un vínculo permanente coa Secretaría Xeral de Igualdade e calquera outro ente dependente da Administración Pública galega con competencias na materia para traballar no establecemento de criterios e mecanismos áxiles e urxentes de denuncia e retirada de contidos relacionados coa violencia de xénero dixital."

Emenda nº4, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo único

Proponse engadir un novo apartado Cinco co seguinte contido:

"Cinco. Engádese un novo parágrafo no punto 1 do artigo 12, que queda redactado como segue:

Prestarase especial atención á violencia de xénero dixital, que debera orientarse ao perfil das mulleres que reciben esta violencia, así como dos que a exercen e divulgan, o tipo de violencia, a súa frecuencia, as plataformas onde teñen lugar, o impacto nas vítimas e a resposta institucional."

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22071
Data envio: 17/09/2021 14:17:45.936

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº5, ao apartado Seis, de Adición. Artigo único

Proponse engadir un novo apartado Seis no artigo único co seguinte contido:

"Seis. Modifícase o artigo 16, que queda redactado como segue.

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, impulsará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de comportamentos e actitudes sexistas e da violencia de xénero, con especial atención á violencia de xénero dixital, destinadas a afondar nas estratexias para a análise e resolución dos conflitos, así como na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade."

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/09/2021 14:17:23

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 SET. 2021
Núm. 21623

XUNTA DE GALICIA
Saída 20031 / RX 1617684
Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 14/09/2021 10:08:49

No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establécese —no seu primeiro inciso— que a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Neste inicio do novo período de sesións, solicito, en nome da Xunta de Galicia, que a celebración dese debate de política xeral teña lugar nunha sesión plenaria no vindeiro mes de outubro.

Esta sesión tería un único punto na orde do día:

"Comparecencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia".

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021

O Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo
Alfonso Rueda Valenzuela

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia
R/ do Hórreo, nº 63
15701 Santiago de Compostela

Xacobeo 21·22

VALENZUELA, ALFONSO
e primeiro e Cons.de Presidencia,
Data e hora: 14/09/2021 09:54:41

CSV: BOPGDSPGlgONf1mVB4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 12:49:34
Nº Rexistro: 22028
Data envio: 17/09/2021 12:49:34.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **María do Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 15 de setembro, sobre a política do Goberno galego en relación co sector naval de Vigo (doc. núm **12730**, [**11/INT-000729**]).

Moción

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º) Adoptar con urxencia as medidas necesarias para garantir a continuidade da actividade do estaleiro Barreras, con participación pública directa para consolidar o estaleiro e xerar confianza no mercado, así como dar resposta á grave crise que padece o conxunto do sector naval de Vigo e da súa comarca.

2º) Despregar unha enérxica intervención pública para impulsar a conformación dun holding, público-privado, entre os distintos estaleiros e empresas auxiliares e empresas transformadoras do metal na Ría de Vigo, para establecer sinerxías que permitan o desenvolvemento de proxectos, procesos e investimentos comúns.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 12:49:34
Nº Rexistro: 22028
Data envio: 17/09/2021 12:49:34.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º) Crear a Mesa do Naval para a Ría de Vigo, coa participación da Xunta de Galicia, do Goberno do Estado, así como das organizacións sindicais e empresariais máis representativas para buscar solucións efectivas que blinden a continuidade do sector.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2021

Asdo.: **María do Carme González Iglesias**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 17/09/2021 12:48:29

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2021 12:48:38

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:46:04
Nº Rexistro: 22066
Data envio: 17/09/2021 13:46:04.925

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 15 de setembro, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de Atención Primaria (doc. núm. **20679**, [**11/INT-001117**]).

Moción

"O Parlamento insta ao Goberno galego a:

1.- Normalizar a asistencia en Atención Primaria:

-Garantindo que todas as persoas que o precisen teñan atención presencial en Atención Primaria.

-Establecendo protocolos claros e unificados de aplicación en toda Atención Primaria para garantir aforos seguros tanto para profesionais como doentes.

- Garantindo a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responden ao aumento exponencial da demanda.

2.- Modificar o Decreto que regula as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:46:04
Nº Rexistro: 22066
Data envio: 17/09/2021 13:46:04.925

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Aumentar o orzamento até chegar ao 25% na presente Lexislatura. No inmediato destinar 200 millóns de euros.

4.- Elaborar con urxencia o Plano de Ordenación de RRHH, para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder a súa cobertura, en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.

5.- Incorporar á Carteira de Servizos de Atención Primaria as categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listas de espera: persoal de psicoloxía e farmacia clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos...

6.- Pór en marcha a carteira de servizos e recoñecer o mapa de competencias de cada categoría profesional: enfermaría, fisioterapia, matronas, TCAEs, PSXs, celador@s... e das outras categorías que habería que incorporar. Persoal cualificado, preparado para exercer a súa propia carteira de servizos e con elo contribuír a unha mellor calidade asistencial e a desconxestionar as axendas.

7.- Facilitar o acceso a probas diagnósticas.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 13:46:04
Nº Rexistro: 22066
Data envio: 17/09/2021 13:46:04.925

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2021 13:44:21

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2021 13:44:29

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 18:16:35
Nº Rexistro: 22073
Data envio: 17/09/2021 18:16:35.357

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 14 e 15 de setembro do 2021, sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria (11/MOC-000966, documento número 16688).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, asumindo a realidade amosada polo estudo "*Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*", e partindo das eivas e necesidades detectadas, afronte as decisións estratéxicas necesarias para acadar os obxectivos marcados, priorizando de maneira clara as seguintes liñas:

1. Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

2. A incorporación ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte.

3. A mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do SERGAS que son contratados de maneira discontínua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais de continuidade dotándoos de maior estabilidade e menor variabilidade espacial.

4. Implementar a figura do profesional ou equipa de triaxe nos centros de saúde, comezando por aqueles máis grandes onde o volume asistencial fai máis axeitado incorporala.

5. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 18:16:35
Nº Rexistro: 22073
Data envio: 17/09/2021 18:16:35.357

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.

6. Ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas de maneira directa por parte dos facultativos/as de atención primaria.

Pazo do Parlamento, 17 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2021 16:09:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/09/2021 16:09:49

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:33:05
Nº Rexistro: 21995
Data envio: 17/09/2021 11:33:05.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase en que está en proceso de tramitación o novo contrato da planta de incineración de SOGAMA en Cerceda e cómpre tomar canto antes un acordo ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en proceso de licitación o megacontrato da planta de incineración de SOGAMA en Cerceda, con un prezo de 256 millóns de euros e unha duración de 10 anos. E de novo estamos diante dun proceso que está rodeado de dúbidas e de falta de garantías:

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:33:05
Nº Rexistro: 21995
Data envio: 17/09/2021 11:33:05.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O contrato licitouse no mes de agosto, con un prazo de 1 mes para a presentación de ofertas, cun prego de grande complexidade e onde consta a dificultade para acceder a toda a información e documentación sobre a planta.

- Existen dúbidas a respecto dos criterios de valoración, que parecen feitos para premiar proxectos continuistas, en tanto que non incentivan a presentación de melloras como podería ser a de atinxir maiores cotas de recuperación e reciclaxe de materiais.

- Todo parece indicar que estamos nun proceso de contratación "cociñado" para beneficiar un grupo empresarial que xa controla, en réxime de cuase monopolio, máis do 90% das operacións do complexo de Cerceda: é o actual adxudicatorio da planta de incineración, e xestiona tamén através dun entramado de empresas a planta de clasificación, a planta de compostaxe de Areosa e o vertedoiro de Areosa.

O obxecto declarado de SOGAMA, e polo tanto da planta de incineración, é queimar canto máis lixo mellor. É por iso que se pretende blindar por un período de 10 anos un sistema obsoleto, custoso, centralizado, e contaminante, que vai en contra da Directiva Europea de Residuos e que é mesmo contraditorio coa lexislación estatal e galega e co Plan de Xestión de Residuos de Galiza, nos que se establece a obriga da recollida separada e tratamento dos biorresiduos, que constitúen máis da metade dos residuos urbanos.

Se se segue adiante co actual proceso de contratación, unha grande parte deses residuos estarán destinados á incineración para a produción de enerxía. E mentres se aposta de maneira obsesiva por este sistema antiecolóxico e de economía lineal, SOGAMA intenta vender a moto da construción de 3 novas plantas de compostaxe que van procesar unha pequena parte dos biorresiduos, unha experiencia até o de agora

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:33:05
Nº Rexistro: 21995
Data envio: 17/09/2021 11:33:05.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fallida, como se demostra nos datos de achegas e resultados da planta de compostaxe de Areosa en Cerceda.

Cómpre pola tanto saber que tipo de planificación fixo SOGAMA a 10 anos vista, e que previsións existen, no período de duración do contrato, sobre o incremento da recollida separada e produción de compost, sobre os incremento dos resultados de recollida separada doutras fraccións, e como iso pode afectar ás dimensións e aos resultados do novo contrato que está en tramitación. Porque o obxectivo debe ser cumprir obxectivos ambiciosos de redución de residuos, de recuperación e de reciclaxe, e por conseguinte reducir de maneira sensíbel a chegada destes produtos a SOGAMA. O obxectivo non pode ser secar e queimar canto máis lixo mellor.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta a suspender a licitación do macrocontrato de operación e mantemento da planta de coxeneración e planta termoeléctrica do complexo de SOGAMA en Cerceda e iniciar unha nova licitación aliñada cos obxectivos de redución, recuperación e reciclaxe da normativa de residuos e cos principios da economía circular."

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:33:05
Nº Rexistro: 21995
Data envio: 17/09/2021 11:33:05.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2021 11:23:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/09/2021 11:23:49

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:33:05
Nº Rexistro: 21995
Data envio: 17/09/2021 11:33:05.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 17/09/2021 11:24:08

Rosana Pérez Fernández na data 17/09/2021 11:24:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/09/2021 11:24:32

Daniel Pérez López na data 17/09/2021 11:24:39

Iria Carreira Pazos na data 17/09/2021 11:24:47

Paulo Ríos Santomé na data 17/09/2021 11:24:56

María do Carme González Iglesias na data 17/09/2021 11:25:06

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/09/2021 11:25:13

Alexandra Fernández Gómez na data 17/09/2021 11:25:20

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2021 11:25:29

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2021 11:25:38

María González Albert na data 17/09/2021 11:26:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/09/2021 11:26:53

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2021 11:27:01

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:33:05
Nº Rexistro: 21995
Data envio: 17/09/2021 11:33:05.841

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 17/09/2021 11:27:10

Daniel Castro García na data 17/09/2021 11:27:19

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2021 11:27:28

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:25
Nº Rexistro: 22075
Data envio: 20/09/2021 09:49:25.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a investigación xudicial en curso na residencia Concepción Arenal da Coruña.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos que atentan contra o dereito a unha vellez digna.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia Concepción Arenal situada no barrio de Matogrande na cidade da Coruña é un dos centros de titularidade pública que a Xunta de Galiza ten privatizados e en mans da empresa DomusVI.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:25
Nº Rexistro: 22075
Data envio: 20/09/2021 09:49:25.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo recollen os medios de comunicación, a empresa vai ser xulgada polo falecemento dunha usuaria en 2019 despois de pasar a noite con febre e vomitando sen que a residencia contase con enfermeiras na quenda de noite.

De acordo coas investigacións policiais e as denuncias das traballadoras a ausencia de persoal de enfermaría nas noites era recorrente e, coa información da que dispomos desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a Xunta de Galiza era sabedora desta situación pois incoou expediente e sancionou a empresa polo incumprimento reiterado das rateos en xaneiro de 2020.

Porén, malia que a residencia é de titularidade pública, o Goberno galego a través da Consellaría de Política Social di que non se personará no xuízo asegurando que a responsabilidade é da empresa, neste caso DomusVI.

Para o Bloque Nacionalista Galego este caso concreto permite tirar algunhas reflexións:

1.- As consecuencias nefastas do modelo privatizador das residencias de maiores pois o incumprimento das rateos deriva dun recorte de persoal que atinxiu outras categorías profesionais como a seguridade do centro.

2.- A pasividade e mesmo connivencia coa que actúa a Xunta de Galiza diante de denuncias tan graves que supoñen a vulneración de dereitos fundamentais tanto das traballadoras como, especialmente, das persoas usuarias.

3.- A necesidade imperiosa de mudar de modelo a comezar por fixar unha lexislación específica que garanta o dereito a unha vellez digna nas residencias de maiores galegas e que endureza o servizo de inspección e, sobre todo, o réxime de sancións pois o incumprimento de rateos de persoal que merman a calidade asistencial e mesmo vulneran os dereitos fundamentais das persoas usuarias poden ventilarse con

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:25
Nº Rexistro: 22075
Data envio: 20/09/2021 09:49:25.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

multas de apenas 1.800 euros que son moitísimo menos do que custa contratar unha enfermeira para cubrir a quenda de noite.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Personarse como parte no proceso xudicial polo falecemento dunha usuaria na residencia de maiores Concepción Arenal da Coruña.

b) Desenvolver de inmediato as accións que sexan oportunas para iniciar o proceso de recuperación para o público da xestión das residencias de maiores de titularidade pública cuxa xestión foi privatizada."

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:25
Nº Rexistro: 22075
Data envio: 20/09/2021 09:49:25.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2021 09:45:53

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/09/2021 09:46:02

Mercedes Queixas Zas na data 20/09/2021 09:46:09

Rosana Pérez Fernández na data 20/09/2021 09:46:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/09/2021 09:46:22

Daniel Pérez López na data 20/09/2021 09:46:30

CSV: BOPGDSPGlgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 09:49:25
Nº Rexistro: 22075
Data envio: 20/09/2021 09:49:25.849

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2021 09:46:42

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2021 09:46:50

Daniel Castro García na data 20/09/2021 09:46:57

María del Carmen Aira Díaz na data 20/09/2021 09:47:05

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 09:47:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2021 09:47:21

María González Albert na data 20/09/2021 09:47:28

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2021 09:47:35

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2021 09:47:42

Alexandra Fernández Gómez na data 20/09/2021 09:47:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2021 09:48:00

María do Carme González Iglesias na data 20/09/2021 09:48:07

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2021 09:48:16

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 11:49:36
Nº Rexistro: 22097
Data envio: 20/09/2021 11:49:36.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e tomar un acordo de xeito inmediato en sede parlamentar sobre a tramitación do anteproxecto de lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto ven despois do seu fracaso ao intentar impoñer a coñecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei alónxase moito do seu título pois nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 11:49:36
Nº Rexistro: 22097
Data envio: 20/09/2021 11:49:36.812

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase ademais dunha decisión unilateral da Xunta, que vén precedida de

- Unha política de investimentos, maiormente fondos europeos, en infraestruturas hidráulicas errática, clientelar e non adaptada á realidade galega, como se pon de manifesto entre outros ámbitos nas deficiencias construtivas, de emprazamento, funcionais e técnicas das EDARES e das redes de colectores.

- Un incumprimento sistemático do marco normativo (Directiva Marco da Auga, lexislación estatal, lexislación galega). O caso máis claro e máis escandaloso é o incumprimento pola Xunta da obriga de elaborar os plans xerais de abastecemento e saneamento, como documentos de planificación e xestión previos ás decisións de aprobación de nova normativa.

- A incapacidade para crear o Consello para o Uso Sustentábel da Auga, previsto na lei de augas de Galiza de 2010.

distribución e os aspectos necesarios para poder efectuar o libramento da dotación adicional de recursos para as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla prevista no artigo 117 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021); a Consellería de Cultura, Educación e Universidade parece ter apostado por unha innecesaria redución de docentes e oferta educativa nos centros e volver á situación anterior á do curso 2002/21 o que xa de por si é grave, ou mesmo reducir aínda máis o número de docentes con respecto ao curso 2019/2020 o que é inexplicable, afondando, ademais, na redución de servizos públicos nos ámbitos rurais.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta Consellería de Cultura, Educación e Universidade a dotar ao CEIP das Nogais do profesorado necesario para manter dúas unidades en educación primaria mantendo simultaneamente o necesario para unha adecuada atención á diversidade.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2021 16:54:07

Patricia Otero Rodríguez na data 13/09/2021 16:54:26

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:54:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/09/2021 16:54:56

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:06:48
Nº Rexistro: 21564
Data envio: 13/09/2021 17:06:48.222

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, Martín Seco García e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Pese aos discursos triunfalistas e de normalidade que exhibe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade cada inicio de curso, o certo é que este está a ser particularmente complexo, toda vez que se constata por toda a comunidade autónoma un retroceso na prestación de servizos públicos educativos: diminución de profesorado, quebra da igualdade posibilidades de formación en entornas rurais e, tamén, na prestación de servizos educativos complementarios, nomeadamente do comedor escolar.

Este é o caso do CEIP Canosa-Rus de Coristanco no que se están atopando con limitacións impostas de forma arbitraria para que se atendan todas as solicitudes de praza que se presentaron ao comedor escolar, sen que exista ningún motivo para deixar a ningún neno ou nena fóra deste servizo, polo que resulta incomprensible que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade non estea atendendo todas as demandas.

A Instrución 2/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021-2022 determina para este centro 166 prazas totais e 10 vixiantes.

Pero o certo é que, nesta data, quedan sen poder acceder ao servizo de comedor escolar preto dunha vintena de alumnos e, incluso, a situación é aínda máis grave tendo en conta que parte do profesorado e dos coidadores amosaron a súa disposición a renunciar a comer alí para que se puidesen atender todas as demandas.

Entendemos que resulta inadmisible que a prestación dun servizo fundamental para a conciliación da vida familiar e laboral como é o comedor escolar dependa dun escenario tan inflexible, que o único que consigue é evidenciar que o Goberno da Xunta de Galicia carece do necesario compromiso para loitar contra o despoboamento e que nin sequera é capaz de garantir que as nenas e nenos dos

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:06:48
Nº Rexistro: 21564
Data envio: 13/09/2021 17:06:48.222

municipios rurais teñan acceso a un servizo, como é o do comedor escolar, que resulta esencial.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a atender á totalidade das demandas de praza no comedor escolar do CEIP Canosa-Rus de Coristanco.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2021 16:22:01

Martín Seco García na data 13/09/2021 16:22:16

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:22:30

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/09/2021 16:22:47

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:08:44
Nº Rexistro: 21569
Data envio: 13/09/2021 17:08:44.285

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Consellaría de Cultura, Educación e Universidade anunciaba este verán o inminente comezo das obras para a rehabilitación do IES de Lamas de Abade, que durarán cinco meses cun orzamento aproximado de 800.000 euros.

As obras incidirán na necesaria mellora enerxética das instalacións coa impermeabilización da fachada e a substitución da cuberta, ademais da renovación das carpinterías exteriores, das baixantes e das luminarias. Ademais, acometeranse obras de mellora da accesibilidade e outras menores como o pulido de terrazo, o cambio das tubaxes ou a instalación de novos falsos teitos.

Na presentación desas obras aos medios de comunicación, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, enmarcaba esta acción nun "novo modelo de centros escolares post-covid que baseamos na folla de ruta que é o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, coa que acadaremos espazos máis amplos e saudables, máis sustentables e mellor integrados na contorna, espazos accesibles e inclusivos e centros educativos intelixentes, deseñados para os retos tecnolóxicos de futuro, con polos creativos e adaptados para o ensino dixital e mixto".

De acordo a esta nova estratexia, que fala de espazos amplos e saudables deseñados para os retos tecnolóxicos no futuro, atopámonos co paradoxo de que as instalacións de Formación Profesional do IES Lamas de Abade -con ciclos medios e superiores das Familias de Sanidade e de Imaxe persoal e Laboratorios e talleres de FP- son pequenas, inseguras e obsoletas, mais nada se anunciou para solucionar esta situación pese ás denuncias reiteradas da dirección e o profesorado do centro.

Sorprende que o Goberno galego reivindique a Formación Profesional como opción educativa estratéxica de cara á recuperación económica logo da crise provocada pola pandemia á vez que permite que as instalacións dos seus centros permanezan nun estado precario que dificultan un ensino de verdadeira calidade pese aos esforzos do profesorado.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:08:44
Nº Rexistro: 21569
Data envio: 13/09/2021 17:08:44.285

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A maiores, este verán coñeciamos o acordo do Real Padroado de Santiago de Compostela que achegará á cidade un importante orzamento para investimentos e que, entre outros, contempla novos usos para o antigo Hospital Psiquiátrico de Conxo, nomeadamente convertelo nun Polo de Formación Profesional Biosanitario.

Deste xeito, aproveitando que a Xunta de Galicia vai realizar obras de envergadura no IES Lamas de Abade e que nada novo se coñece sobre o futuro dos estudos de FP nese centro, parece oportuno reclamar que se inclúa a necesaria reforma dos laboratorios de FP e unha ampliación das instalacións para a mellora da calidade formativa e poder ofertar así novos itinerarios.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír nas obras de rehabilitación integral do IES Lamas de Abade a reforma e ampliación dos espazos de Formación Profesional para ofertar unha formación de calidade e abrir a posibilidade a novos ciclos formativos.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:20:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2021 16:20:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/09/2021 16:20:55

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:13:06
Nº Rexistro: 21574
Data envio: 13/09/2021 17:13:06.113

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A invasión de proxectos para a instalación de novos parques eólicos, a maiores dos xa existentes, no concello de Negreira poden ocasionar un grave risco económico, demográfico, patrimonial e ambiental para o seu entorno rural no caso de ser aprobados. Esta invasión de proxectos é contrario ás liñas estratéxicas da axenda de transformación do Concello que o seu grupo de goberno está a desenvolver.

Esta é a situación actual:

1- Solicitude de tramitación do **parque eólico Banzas**, con 9 aeroxeradores nun entorno como é o Mirador do Cotro (financiado con fondos europeos no seu momento), no cal tamén se instalaría unha subestación de enerxía dende a que se evacuaría posteriormente toda esa produción, así como a dalgún parque máis, mediante unha liña de evacuación que iría ata a subestación de Lousame, (construída recentemente cunha liña de Red Eléctrica que xa atravesou no ano 2020 parte do concello de Negreira).

2- Moi preto deste, a escasos quilómetros, están tamén en tramitación por parte da mesma empresa o **parque eólico Alvite** con 12 aeroxeradores e **parque eólico Alvite II** con 6 aeroxeradores, dos cales tamén vai saír unha liña de evacuación que se unirá coa subestación do parque eólico de Banzas.

3- No límite do concello de Negreira, aínda que case na súa totalidade no concello da Baña, estase tramitando o **parque eólico Troitomil** con 5 aeroxeradores que pola súa proximidade afectaría a Negreira, ademais cando sabemos que a liña de evacuación cruzaría de novo o concello de Negreira ata a subestación do parque eólico de Banzas, pois ao seren tramitados todos pola mesma empresa, sería a alternativa á evacuación de toda a produción eléctrica destes 4 parques.

4- O **Parque Eólico da Armada**, de 9 aeroxeradores, na zona de Xallas e Porqueira, que se está realizando a través do Ministerio de Industria por ser de máis de 50 MW.

5- Agora somos coñecedores de que se reactivou a tramitación do **Parque Eólico Outes** que consta de 7 aeroxeradores, que data do 2012, e que estivo parado por unha denuncia e acaba de saír a sentenza favorable a unha das empresas, co que iría na zona alta de Mourís e Forniños en Xallas e tamén parte no concello de Outes.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:13:06
Nº Rexistro: 21574
Data envio: 13/09/2021 17:13:06.113

6- Por último, tamén acaba de presentarse na Xunta de Galicia unha nova solicitude doutro parque, denominado **Parque Eólico da Revolta das Xestas**, con 6 aeroxeradores na zona de Corzán, onde xa se atopa un parque instalado dende hai anos, e onde xa se notou algún dos prexuízos cos que nos podemos atopar, como a falta dunha boa sinal de TV ou mesmo da cobertura móbil. Este está sendo tramitado por outra empresa distinta ás anteriores e non sabemos aínda que servizos necesitará para a evacuación da produción.

En resumo, o Concello de Negreira ten no seu territorio un parque eólico en explotación (P. E. Corzán), 5 parques eólicos en tramitación na Xunta de Galicia (P. E Banzas, P. E. Alvite, P.E Alvite II, P. E. Troitomil, P. E. Outes), e un de nova solicitude (P. E. Revolta das Xestas), un en tramitación polo Ministerio de Industria (**Parque Eólico da Armada)**. A todo iso engadímoslle unha liña de alta tensión (LAT) 220 (Mazaricos-Lousame) de Red Eléctrica Española que cruza o concello, executada no ano 2020, e as liñas de evacuación de enerxía dos ditos parques, que poden chegar a ser 3 como mínimo.

Con todo, hai que pensar que a maiores construiranse viarios moi anchos para poder levar toda a loxística de montaxe destes aeroxeradores, a construción de subestacións eléctricas, grandes excavacións e canalizacións de tendidos, etc, co que afectarían a moitas zonas de interese paisaxístico, turístico, e do patrimonio natural e cultural, de posibles restos arqueolóxicos, que incluso non estean catalogados, pero que os veciños máis ancestros coñecen. Un desmantelamento abusivo do territorio, do rural, da súa riqueza agrícola-gandeira e do benestar das súas xentes, que loitan por sobrevivir no rural.

Tamén constatamos a falta total de transparencia dende o primeiro momento, tanto por parte das empresas promotoras como da propia Xunta de Galicia. Aínda hoxe, existen certas cuestións sen resposta, como por exemplo, como vai afectar nun futuro á veciñanza a recualificación deses terreos onde se radicarían as poligonais dos parques eólicos e prexuízos que lle poden causar ao pasar a ser zona industrial, ou tamén, por outra banda, o tema dos contratos entregados polas empresas aos veciños, pouco claros e ambiguos, etc.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia acorda rexeitar a implantación abusiva de parques eólicos, así como das súas infraestruturas no concello de Negreira e trasladar á Xunta de Galicia este acordo.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

a) Modificar o Plan Eólico de Galicia, evitando a radicación dos parques eólicos tan preto dos núcleos de poboación.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 17:13:06
Nº Rexistro: 21574
Data envio: 13/09/2021 17:13:06.113

b) Mellorar a comunicación e información que facilita a Xunta de Galicia aos concellos, sobre os prexuízos que poidan ocasionar aos veciños a futura construción destas infraestruturas e as súas poligonais.

c) Mellorar a información que ofrecen respecto dos proxectos a tramitar dende o primeiro momento do seu coñecemento, xa que nalgunhas ocasións envíase a información ou sae a información pública cuns prazos de tempo moi curtos ou como xa ten pasado, en pleno estado de alarma, cando os veciños non podían nin asesorarse.

d) Esixirlle ás empresas que sexan transparentes coa veciñanza na presentación dos proxectos e dos contratos particulares que lle ofrecen a cada un deles.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/09/2021 16:34:20

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/09/2021 16:34:45

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2021 16:34:56

Noelia Otero Lago na data 13/09/2021 16:35:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/09/2021 16:35:38

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21584
Data envio: 14/09/2021 09:02:34.287

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

No mes de febreiro deste ano, a Xunta de Galicia inaugurou unha nova senda, situada na PO-225 ao seu paso polo núcleo de **San Caetano**, na parroquia de Alba, Concello de Pontevedra, e que forma parte do camiño portugués.

A execución desta obra foi aproximadamente de **700.000 euros**, e leváronse a cabo a construción dun viario de 710 metros de lonxitude, unha pasarela metálica de 12 metros sobre o río Rons, o acondicionamento da praza en el exterior de la capela de San Caetano, e a corrección dalgunha deficiencia neste tramo.

Unha demanda que levaban facendo moito tempo os veciños e veciñas debido ao perigo deste tramo para as persoas viandantes, así como o abandono que sufría.

Pero esta intervención ten moitos puntos negros, que reflexan unha intervención de trámite por parte da Xunta de Galicia sen ter o mínimo interese polo valor histórico e patrimonial desta zona, por unha banda e por outra presenta eivas graves que é necesario corrixir.

Entre o anteriormente mencionado, é importante destacar:

1- Colocáronse unhas papeleiras de táboas de madeira, que ninguén recolle, e que non teñen bolsa polo que o lixo acaba no chan. Entendemos que deben ser retiradas xa que existen contedores de recollida municipal nesta zona, ou de non ser así debería firmarse convenio co Concello para que asuma a súa limpeza.

2.- Á altura do lugar Guxilde, cando levantouse o solo atopáronse restos da orixinaria calzada romana, nun estado de conservación excelente, e volvéronse tapar.

Nos entendemos que colocar nun pequeno tramo un solo de cristal que permita pasar por riba da calzada imaxinaria cun panel onde informe do mesmo,

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21584
Data envio: 14/09/2021 09:02:34.287

enriquecería este tramo do camiño e conectaría ao peregrino/a co noso patrimonio histórico.

3.- Nun dos sumidoiros que colocaron, esqueceron de colocar un enreixado, isto constitúe un perigo se alguén o pisa, xa que pode esnaquizar un pé ou caer.

4.-Nunha das beirarrúas habilitouse un espazo para colocar os contedores municipal, pero as dimensións do mesmo só permite colocar o verde e o de papel, quedando o de plástico fora.

5.-En relación ao asfaltado da capela de San Caetano, so levouse a cabo o do marxe dereito, quedando en unhas moi malas condicións o do lado esquerdo.

6. Ao remate da ponte do río Rons, non se colocou unha varanda de peche, co perigo de caída ao río que isto supón.

7.Existe nun dos marxes do camiño unha fonte con valor histórico, que segue a estar tapada pola maleza. Entendemos que recuperar a mesma sería moi positivo xa que forma parte da historia deste tramo e ademais poderían darlle uso os peregrinos/as .

8. Por último, creemos que é necesaria a colocación de paneis informativos, por unha banda para explicar as singularidades deste tramo do camiño e da capela de San Caetano e por outra ao final da ponte, no límite de Alba, para informar aos peregrinos/as que teñen que cruzar a calzada, xa que senón atópanse despois nunha curva moi perigosa e con gran afluencia de camións.

9. Finalizado o tramo onde levouse a cabo a actuación, en concreto, á altura da empresa AVIGAL, o camiño estreita nunha zona onde os vehículos circulan en ambas direccións, sendo moi perigoso este tramo para os peregrinos/as.

Entendemos que sería necesario facer un paso peonil retranqueando o muro da empresa, facendo un camiño peonil ata a ponte que vai sobre a vía do tren e informar do perigo deste tramo.

Durante a inauguración, a conselleira de infraestruturas indicou que esas obras eran unha mellora substancial para os veciños, para os peregrinos e para os condutores, gañando espazo para as persoas e máis seguridade viario.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21584
Data envio: 14/09/2021 09:02:34.287

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Corrixir as eivas existente na nova senda, situada na PO-225 ao seu paso polo núcleo de **San Caetano**, na parroquia de Alba, Concello de Pontevedra, levando a cabo as seguintes actuacións:

– Retirada das papeleiras ou firma dun convenio co Concello de Pontevedra para que asuma a súa limpeza.

2. Colocar un pavimento de vidro nun pequeno tramo, á altura do lugar Guxilde, para que se poida apreciar a orixinaria calzada romana.

3. Tapar cun enreixado o sumidoiro que se atopa no marxe dereito da calzada antes de chegar á ponte do río Róns.

4. Ampliar a illa destinada aos contedores co fin de poder agrupar todos nun mesmo lugar.

5. Proceder ao asfaltado da marxe esquerda da capela de San Caetano.

6. Colocar unha varanda de peche ao remate da ponte do río Rons.

7. Recuperar para o seu uso a fonte existente nun dos marxes do camiño.

8. Colocar paneis informativos, que expliquen as singularidades deste tramo do camiño e da capela de San Caetano e ao final da ponte, no límite de Alba, informen aos peregrinos/as que teñen que cruzar a calzada.

9. Acondicionar o tramo que vai dende o inicio da parroquia de Cerponzóns ata a ponte da Vía do tren, habilitando unha beirarrúa e colocar un panel informando do seu perigo.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21584
Data envio: 14/09/2021 09:02:34.287

Paloma Castro Rey na data 14/09/2021 08:56:15

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/09/2021 08:56:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2021 08:56:31

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2021 08:56:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/09/2021 08:56:54

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21589
Data envio: 14/09/2021 09:19:44.307

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

Na pontevedresa parroquia de Alba, nun punto situado na PO-224 que conecta a estrada de Vilagarcía coa de Santiago) a altura da ponte ferroviaria de San Caetano, levan anos producíndose accidentes de vehículos pesados ao quedar entalados nesta ponte por non ter a altura suficiente.

Isto provocou que hai uns anos se instalasen medidas de control de altura e sinalización para evitar que volveran a encaixarse camións contra a estrutura desta ponte.

Pero estas medidas non resultaron suficientes porque os accidentes seguen a producirse, o último o pasado 21 de setembro, quedando encaixado un camión no gálibo, ante la ausencia de sistemas de alerta axeitados que indicasen la restrición de altura.

O goberno da Xunta ten que buscar outra solución a este problema porque o sistema implantado non está a funcionar. Ademais as láminas metálicas que se colocaron para este fin desapareceron.

Por outra banda, co fin de mellorar o tráfico e a seguridade dos peóns, xa que é unha estrada moi transitada polos veciños/as desta parroquia, e tamén un tramo por onde transcorre o camiño portugués, o goberno da Xunta ten que actuar nesta zona colocando unha rotonda na N-550 que facilite a conexión cara a variante e permita un cambio de sentido nesta estrada, algo moi demandado pola veciñanza colocando a maiores un paso de peóns que permita cruzar a estrada autonómica con seguridade.

CSV: BOPGDSPGlgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 21589
Data envio: 14/09/2021 09:19:44.307

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Colocar paneis informativos e novos sistemas de aviso para vehículos pesados, na pontevedresa parroquia de Alba, na PO-224 que conecta a estrada de Vilagarcía coa de Santiago) antes de chegar a ponte ferroviaria de San Caetano, co fin de avisar da altura de esta ponte e evitar así accidentes.

2. Arranxar e reforzar a ponte ferroviaria de San Caetano, moi deteriorada polos continuos impactos de camións.

3. Colocar unha rotonda na N-550 que facilite a conexión cara a variante e permita un cambio de sentido nesta estrada, así como un paso de peóns neste punto.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/09/2021 09:15:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2021 09:15:44

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2021 09:15:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/09/2021 09:16:02

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:21:51
Nº Rexistro: 21614
Data envio: 14/09/2021 10:21:51.116

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Martín Seco García**, **Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera**, **Luís Manuel Álvarez Martínez** e **Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

A Ribeira Sacra rexistrou o maior incendio no que vai de 2021 en Galicia, segundo informaba a propia Consellería do Medio Rural este lume forestal iniciábase o pasado 6 de setembro sobre as 21:42 horas na parroquia de Nogueira no municipio de Ribas de Sil dentro da Ribeira Sacra, un dos ecosistemas de maior valor etnográfico no conxunto da Comunidade Autónoma Galega. O lume na Ribeira Sacra prodúcese o mesmo día que os da parroquia de Manín no Concello de Lobios dentro do propio Parque de Xurés e outro en Chandrexa de Queixa, concretamente na parroquia de Requeixo.

O lume avanzou sen control en Ribas de Sil e obrigaba a activar o nivel 2 pola proximidade aos núcleos de poboación como é o caso do núcleo de Rairos, o lume estendeuse ata os municipios de Quiroga e a Pobra de Brollón, sendo necesario cortar temporalmente as estradas LU-P_5301 e LU-P_933. A situación foi tan virulenta, que entre as accións que se barallaron estivo a evacuación dos veciños de Vilariño, entre outros núcleos de poboación.

Os efectos deste lume, consecuencia tamén dos focos secundarios que se foron producindo, foi de tal envergadura que o fume apreciábase na cidade de Lugo, a máis de 70 quilómetros de distancia do incendio.

O alcalde de Ribas de Sil, Miguel Sotuela, denunciaba que toda a comarca quedara sen servizo de telefonía e internet, causando problemas no propio centro de saúde, nas oficinas municipais e na actividade económica do municipio, perdendo a capacidade para poder chamar ao 112 se xurdía algunha emerxencia sanitaria. A esta grave situación houbo que engadir os danos no subministro de auga ao arder distintas canalizacións da traída aos núcleos de Rairos, A Cabarca, Vilariño e as Fontes.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:21:51
Nº Rexistro: 21614
Data envio: 14/09/2021 10:21:51.116

O conselleiro de Medio Rural declaraba que a orixe era claramente intencionado, unha denuncia na que coincidía o alcalde de Ribas de Sil polo inicio de dous focos illados na mesma ladeira do concello, unha situación que non poñemos en dúbida, pero non pode ser a única argumentación que ofreza a Consellería de Medio Rural ano tras ano sen facer un mínimo de autocrítica sobre a falla de medidas preventivas e de planificación, como pode comprobarse no Pladiga de 2021 que é un corta e pega de anos anteriores, con lixeiras modificacións.

Resaltando en primeiro lugar a nosa preocupación pola veciñanza afectada e polas brigadas das distintas administracións que se atopaban loitando contra os lumes en primeira liña que despois foron apoiados polos militares da UME, cunha excepcional profesionalidade e que poñen en risco as súas propias vidas para facer que o lume non chegase a ningunha vivenda, o Grupo Parlamentario Socialista non pode deixar de sinalar que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, que cada día ve como se desmantelan novos servizos públicos e privados. Dificilmente imos a loitar con eficacia contra os lumes, se cada día temos menos xente no rural, cunha poboación que cada día conta con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para a infancia e maiores, se vemos como se desmantelan os servizos bancarios, o transporte público,…, como imos a loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal sostible teñen cada vez menos peso nestas comarcas do sur de Lugo e a provincia de Ourense, que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e monte desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais que forman terras de labor, pastos, e prados, que protexen montes e casas, e sen que exista apenas silvicultura preventiva nas masas forestais.

Urxe que se replante o modelo de gastar case unha centena de millóns de euros anuais en medios de extinción, sen levar a cabo o traballo para dotar de actividade ao noso rural, sen levar a cabo os traballos de prevención, de ordenación do territorio, de educación e acción sociolóxica, de investigación e de vixilancia axeitados. O informe do Consello de Contas no ano 2016 amosábanos que o Plan Forestal de Galicia elaborado no 1992 e que sinalaba o camiño da política forestal ata o ano 2030 tiña en previsión que se dedicara un 13 % do diñeiro a prevención e extinción de incendios e o 87 % ao fomento e desenvolvemento forestal, a realidade é que se dedica máis dun 80% a extinción de incendios forestais e un escaso 20 % a prevención ou políticas de

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:21:51
Nº Rexistro: 21614
Data envio: 14/09/2021 10:21:51.116

desenvolvemento dos ecosistemas forestais (estamos moi lonxe do que ten que ser unha política forestal equilibrada na que se busque a sostibilidade do patrimonio forestal e dos ecosistemas de Galicia).

Outra das cuestións que debe mudar é a xestión forestal da Xunta de Galicia, desenrolando unha xestión sostible do monte como unha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade pero co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas, non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal mentres que a outra ampla zona se lle someta a obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica.

Hai que desenrolar sen máis demora os PORF de tódolos distritos e de xeito paralelo deberan de poñer en marcha, modelos de xestión forestal individual ou por xestor forestal, que sexan verdadeiros instrumentos no que se asentase o sector forestal, débese regular o que pode ou non pode facer un xestor en todas as súas parcelas, a unidade de xestión non pode ser a parcela concreta, ten que ser xestor e sendo así este terá que dedicar parcelas a produción e outras a conservación, seguindo o modelo da agricultura e a gandería para a PAC.

Nesta xestión forestal sostible debe fomentarse o equilibrio territorial, rompendo as actuais tres galicias forestais, a do monocultivo ao servizo dun oligopolio industrial, a do abandono na montaña oriental e a da conflitividade e inseguridade da gran diagonal central de Galicia, establecendo plantacións de especies por todo o territorio galego, rompendo o monocultivo de certas especies nalgúns distritos e a imposibilidade de plantar estas mesmas especies noutros.

Neste tipo de incendios convectivos como o sucedido na Ribeira Sacra, que podemos denominar como de sexta xeración, cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade e fortes ventos, a chamada regra climatolóxica do 30/30/30, debe de facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir e o aumento do combustible nos montes derivado do despoboamento do rural galego.

Debemos modificar o actual sistema de prevención, analizando as zonas abandonadas principalmente en Lugo e Ourense, elaborando o correspondente mapa de riscos segundo fixa a lei de incendios, algo que vimos reclamando por parte deste grupo dende hai tempo e que tería que figurar no Pladiga cunha serie

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:21:51
Nº Rexistro: 21614
Data envio: 14/09/2021 10:21:51.116

de medidas efectivas para fomentar o bosque autóctono. Proba da eficacia do que estamos a dicir foi o que pasou na aldea de As Laceiras na Pobra de Brollón onde o traballo dun particular durante anos foi capaz de mitigar nesa zona os efectos do lume, posto que as repoboacións de piñeiro arderon e a franxa que fixo este propietario ao redor do seu pobo logrou que alí non ardese nada como pode comprobarse na noticia emitida no telexornal da TVE.

Con este tipo de incendios tan virulentos e tan extensos como o acontecido en Ribas de Sil, o Goberno galego debera desenrolar un estudo profundo coa elaboración entre outros dun mapa de combustibles actualizado, cruzando a información coa ocorrencia dos lumes e sendo precisos nas zonas onde aplicar medidas preventivas que non so teñen que ser rozas, xa que con este tipo de lumes que xeran unha gran cantidade de focos secundarios é preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos onde haxa unha multifuncionalidade de usos de forma que cando eses focos se xeran se poidan illar da maneira máis rápida posible.

Como medida complementaria é fundamental que o Goberno galego teña realizados plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e dos servizos de emerxencias locais e comarcais.

Necesitamos avanzar na profesionalización deste sector, cuns traballos de alto risco, nos que en moitos casos non se garante unhas condicións salariais axeitadas, nin o equipamento material e técnico axeitado, nin a formación imprescindible para a extinción de incendios e a realización dos labores de prevención dos traballadores e traballadoras. Todo isto, demostrado nos últimos anos, leva a unha maior descoordinación, menor eficacia, maior falla de profesionalización duns traballos onde o perigo e o risco son unha constante.

Os traballos de prevención de lumes (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa, non se realizan ao seu debido tempo, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xullo de cada ano.

No Pladiga faise referencia a accións dirixidas a poboación, entre outras “accións sociolóxicas e de educación ambiental”, pero atopámonos con que a maior parte das chamadas “Aulas Forestais” están pechadas. Non hai campañas de formación/sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación escolar e

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:21:51
Nº Rexistro: 21614
Data envio: 14/09/2021 10:21:51.116

tampouco a cidadanía, un dos teóricos obxectivos que non se cumpren por que non hai vontade de levar adiante estas actuacións imprescindibles para mudar comportamentos "non se valora o que non se coñece", se queremos cambiar determinadas pautas de comportamento e se queremos que se poñan en valor os ecosistemas forestais de Galicia, débense levar adiante campañas de educación e sensibilización para escolares e campañas de concienciación dirixidas ao resto da poboación e diferenciadas por grupos de poboación.

Aínda que escoitamos aos representantes da Xunta de Galicia falar continuamente de pirómanos e lumes intencionados, resulta incomprensible que rara vez sexan descubertos os responsables de ditos delitos, para isto débense investigar as causas, pautas de comportamento dos incendiarios, fallos e incumprimentos na lexislación,…, e para realizar unha boa prevención é preciso realizar unha investigación profesionalizada, específica e axeitada.

A Consellería do Medio rural destinou uns 2,26 millóns para a contratación de servizos de retén de maquinaria pesada para a extinción de incendios forestais nos distritos forestais de Galicia durante os anos 2021 e 2022. Deles xa gastou a metade, máis de 1,1 millóns en 18 contratos con distintas empresas do sector, pero, a maioría destes contratos finalizou, xa que comezaron a finais de abril, e o prazo do execución dos traballos era de 3 meses e dez días. Na actualidade só hai catro contratos que están activos nun momento de máxima actividade incendiaria e con alertas de secas nalgunhas zonas de Galicia, principalmente, nas zonas do interior do país.

Por outra banda e extinguidos os lumes, debemos proceder con axilidade para salvagardar este espazo natural que conta cunha rede hidrográfica densa, ecosistemas en bo estado de especies de fauna e flora de excepcional interese para a conservación da natureza e a biodiversidade. E cun importante patrimonio natural e cultural.

A Xunta de Galicia debe actuar con présa para evitar a erosión do terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais e traídas de auga. Urxe a actuación da administración para comezar a restauración dos montes calcinados e axudar ás poboacións afectadas polo lume.

Urxe comezar antes da chegada de temporais que acentúen os arrastres e acrecenten o desastre medioambiental que xa ten o parque, recordar que a Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia di no artigo 49:

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:21:51
Nº Rexistro: 21614
Data envio: 14/09/2021 10:21:51.116

"Mantemento e restauración dos terreos incendiados.

1. Anualmente, unha vez finalizada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos, asociados aos incendios forestais do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

   Así mesmo promoverá a adopción de medidas urxentes e de colaboración cos afectados polos incendios forestais para levar a cabo nas zonas de actuación prioritaria e que serán acometidas polos diferentes departamentos ou consellerías competentes na respectiva materia sectorial. Estas medidas urxentes poderán consistir en actuacións para a conservación dos ecosistemas naturais, dos recursos forestais, hídricos e do chan e en medidas destinadas á rexeneración dos terreos, establecendo limitacións ou prohibicións de aquelas actividades que sexan incompatibles coa rexeneración da cuberta vexetal.
2. Este mapa de riscos elaborarase por unha comisión de carácter interdepartamental, na que estarán representadas as diferentes consellerías con competencias nos sectores afectados polos incendios forestais. A súa creación, composición e réxime xurídico determinarase regulamentariamente.
3. O Consello da Xunta de Galicia poderá declarar de utilidade pública as ocupacións de infraestruturas ou bens privados que sexan necesarios para a execución das obras de restauración e rexeneración dos terreos queimados, así como para a realización de calquera actuación destinada á protección hidrolóxica aos efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa."

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Poñer en marcha un plan de recuperación da actividade agraria e forestal e contra o despoboamento no sur de Lugo e a provincia de Ourense.
- Mellorar a profesionalización, a loita contra a temporalidade e a coordinación das persoas traballadoras e medios de loita contra o lume.
- Levar a cabo os traballos de prevención de incendios antes de xullo de cada ano.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:21:51
Nº Rexistro: 21614
Data envio: 14/09/2021 10:21:51.116

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

- Desenvolver un plan de educación ambiental e de concienciación da cidadanía, con accións formativas dirixidas ao alumnado galego, especialmente nas zonas rurais e accións de concienciación da cidadanía, facendo un estudo sociolóxico de cada territorio e promovendo medidas encamiñadas a conciliar intereses e concienciar da importancia da prevención contra lume dada a virulencia que está acadando como consecuencia do cambio climático.
- Mellorar os servizos de investigación dos lumes.
- Ante este tipo de incendios convectivos desenrolar un estudio profundo cun mapa de combustibles actualizado, cruzando a información coa ocorrencia de lumes e sendo precisos coas zonas onde aplicar medidas preventivas que non só deben de ser rozas. Con este tipo de lumes que xeran cantidade de focos secundarios, debéramos deseñar mosaicos de usos para poder illar estes focos cando xurdan.
- Realizar plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e os servizos de emerxencias locais e comarcais e a poboación implicada, como xa estase a facer en outros estados europeos.
- Actualizar o dispositivo que contemple unha óptima organización de medios materiais e humanos, nos distritos forestais.
- Cumprir o artigo 49 da Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia, actuando con présa nas zonas afectadas polos lumes forestais de setembro na ZEC (zona de especial conservación) Ancares Caurel da Ribeira Sacra, evitando a erosión do terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais e traídas de auga.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/09/2021 09:43:05

Martín Seco García na data 14/09/2021 09:43:13

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:21:51
Nº Rexistro: 21614
Data envio: 14/09/2021 10:21:51.116

Marina Ortega Otero na data 14/09/2021 09:43:24

Juan Carlos Francisco Rivera na data 14/09/2021 09:43:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2021 09:43:48

Patricia Otero Rodríguez na data 14/09/2021 09:43:58

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/09/2021 09:44:09

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:53:37
Nº Rexistro: 21626
Data envio: 14/09/2021 10:53:37.847

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observamos case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, se usa para a actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos de Galicia, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e /ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos de Galicia esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención debida de Portos de Galicia, nin do investimento necesarios, polo que terminan por se deterioraren e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 10:53:37
Nº Rexistro: 21626
Data envio: 14/09/2021 10:53:37.847

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O pasado 9 de setembro detectouse por parte da Xunta de Galiza unha vertedura de aproximadamente 200m3 de xurro gandeiro procedentes dunha explotación no concello de Trazo. A vertedura que por medio do regato de Portaferreiros foi parar ao río Tambre, levantou todas as alarmas nos concellos que captan auga deste río, Santiago, Ames e Brión.

A pesar da importancia da cantidade vertida e do perigo que para a saúde da cidadanía supón a presenza destas substancias na auga, soamente o sábado 11 lles foi comunicado aos concellos afectados nas súas captacións de auga este feito.

A magnitude do acontecido reclama unha avaliación dos danos causados, tanto para a veciñanza como para flora e fauna, xa que a vertedura provocou a morte de milleiros de peixes e danos non visibles a curto prazo na flora e fauna do río Tambre até a embocadura en Noia.

O feito debe ser tamén unha chamada á reflexión do estado das augas fluviais, da súa vixilancia e control periódico e da necesidade de coidado extremo destas vías de auga pola dependencia humana da súa existencia en bo estado.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:46:39
Nº Rexistro: 21919
Data envio: 16/09/2021 13:46:39.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Investigar e depurar as responsabilidades que houber.

2. Avaliar os danos a persoas, instalacións e medio ambiente resultantes dos feitos.

3. Establecer con todo rigor os controis periódicos necesarios que garantan o estado óptimo das augas do río Tambre para o consumo humano."

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2021 13:39:03

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:46:39
Nº Rexistro: 21919
Data envio: 16/09/2021 13:46:39.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2021 13:39:07

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/09/2021 13:39:15

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21942
Data envio: 16/09/2021 15:59:23.501

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 3.652 persoas entre 2010 e 2020, 307 nese último ano, segundo os datos recollidos na memoria do IMELGA, converténdonos no país de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicido consumada prodúcense 20 tentativas.

A pandemia orixinada pola Covid 19 está a agravar a situación, e deixa en evidencia que se antes da COVID os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos,

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21942
Data envio: 16/09/2021 15:59:23.501

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de perdas económicas e laborais e de perdas sociais, que se veñen a sumar a todos os problemas pre- Covid.

A asistencia eficaz é a que é accesíbel no momento que se precisa, logo a abordaxe é moito máis difícil, ou chega tarde. Sen o aumento de recursos, persoal, dispositivos, non é posíbel. Atención Primaria tiña que xogar un papel fundamental na detección, prevención, seguimento, que pola falta de recursos non pode realizar.

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Catro anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento e avaliación da situación...

A prevención do suicidio segue sen ocupar un lugar prioritario nas políticas publicas, a pesar do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a poñer en marcha as seguintes medidas para a prevención e atención ao suicidio:

1. Estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza

2. Realización dun estudo para determinar os efectos que a pandemia orixinada pola Covid 19 está a ter na saúde mental da poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21942
Data envio: 16/09/2021 15:59:23.501

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Programas de Intervención Intensiva da Conduta Suicida para a atención e prevención do suicidio que conte con equipos específicos en cada Área Sanitaria de persoal sanitario e os recursos humanos e económicos necesarios para atender as necesidades da área no relativo ás condutas suicidas.

4. Campañas de concienciación e de prevención de condutas suicidas e de autolesión, dirixidas a diferentes sectores e tendo en conta, a respecto das mensaxes, factores como a idade ou o xénero.

5. Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólog@s clínic@s, terapeutas ocupacionais, traballador@s sociais... que permita a creación de equipas multidisciplinares para prestar unha atención integral e actuar na prevención e prestación e detección.

6. Atención ás persoas en situación de grave vulnerabilidade psicosocial

7. Creación de unidades hospitalarias de atención infanto xuvenil en todas as áreas sanitarias.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21942
Data envio: 16/09/2021 15:59:23.501

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2021 15:52:11

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2021 15:52:21

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2021 15:52:33

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:22:39
Nº Rexistro: 21948
Data envio: 16/09/2021 17:22:39.447

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, Jose Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Ana Belén García Vidal e Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno.**

Exposición de Motivos:

O pasado 28 de xullo o *Boletín Oficial do Estado* publicou o Real decreto 636/2021, do 27 de xullo, polo que se aproba a oferta de emprego público para 2021.

Segundo se indica no dito Real decreto, dáse así resposta ás necesidades previamente analizadas nos distintos ámbitos, nomeadamente no eido da Administración de xustiza, sinalando que "*a oferta de emprego público define e cuantifica os efectivos en funcións das necesidades e prioridades derivadas da planificación xeral dos recursos".*

Concretamente, no que atinxe as prazas autorizadas de persoal ao servizo da Administración de xustiza dos corpos de médicos forenses, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, e mais auxilio xudicial, ascenden a 1.339 prazas, das cales 976 son prazas que corresponden a comunidades autónomas con traspaso de medios persoais, segundo se determina no anexo II.

Os indicados funcionarios da Administración de xustiza integran corpos nacionais que, cando están destinados en Galicia, son xestionados pola Xunta logo do traspaso de funcións realizado polo Estado no ano 1998. Esta condición de pertenza a corpos de carácter nacional deriva en que a oferta de emprego público e mais as convocatorias de procesos selectivos, corresponda ao Goberno central a través do Ministerio de Xustiza para todo o territorio do Estado.

Por isto, e dada a taxa de interinidade actualmente existente no dito persoal funcionario en Galicia, cómpre que o Ministerio de Xustiza proceda o máis axiña posible á

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:22:39
Nº Rexistro: 21948
Data envio: 16/09/2021 17:22:39.447

grupo parlamentario popular de galicia

convocatoria das correspondentes prazas e á axilización dos procesos delas dimanantes.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a urxir ao Ministerio de Xustiza que proceda canto antes á convocatoria das prazas correspondentes aos corpos de médicos forenses, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, e mais auxilio xudicial, e á axilización dos procesos delas dimanantes, co obxectivo de acadar o maior grado de profesionalización posible reducindo a taxa de interinidade na Administración de xustiza en Galicia".

Santiago de Compostela, 16 de setembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/09/2021 17:14:35

Paula Prado del Río na data 16/09/2021 17:14:57

José Manuel Rey Varela na data 16/09/2021 17:15:12

María Sol Díaz Mouteira na data 16/09/2021 17:16:02

José Alberto Pazos Couñago na data 16/09/2021 17:16:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGlgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:22:39
Nº Rexistro: 21948
Data envio: 16/09/2021 17:22:39.447

grupo parlamentario popular de galicia

José Antonio Armada Pérez na data 16/09/2021 17:16:30

Ana Belén García Vidal na data 16/09/2021 17:16:47

Noelia Pérez López na data 16/09/2021 17:17:00

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:36:52
Nº Rexistro: 21950
Data envio: 16/09/2021 17:36:52.639

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda semana deste mes de setembro do ano en curso no ambulatorio de Boimorto foi derivado a Melide tres días un dos dous médicos que ten asignados desde hai xa ben anos. Disque para facer substitucións.

No verán e cando hai baixas aínda que estas sexan prolongadas non hai substitución nin de médicos nin tampouco de persoal sanitario. E así estamos.

Que aconteceu para que de repente, nun so ano, a tendencia, xa manifesta, a desarticular o sistema sanitario público se agravase deste xeito?

Só hai unha explicación: entregar a sanidade pública á empresa privada e botándolle a culpa á Covid.

A asistencia primaria pública de calidade é un ben esencial irrenunciable e o seu deterioro sume a poboación na tristeza e na desesperación.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:36:52
Nº Rexistro: 21950
Data envio: 16/09/2021 17:36:52.639

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Manter en todo momento a dotación de persoal sanitario cubrindo as baixas.

2. Normalizar a asistencia presencial."

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2021 17:31:20

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2021 17:31:25

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:36:52
Nº Rexistro: 21950
Data envio: 16/09/2021 17:36:52.639

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2021 17:31:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/09/2021 17:31:44

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:55:00
Nº Rexistro: 21956
Data envio: 16/09/2021 17:55:00.124

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada etapa educativa vén determinada polo correspondente Deseño Curricular Base que regula a ordenación de cada etapa educativa conforme o marco legal vixente, trazando a evolución progresiva da consecución dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación propios de cada curso e etapa educativa.

Partindo do principio de progresión educativa, acompañando a maduración do alumnado, así como da avaliación continua, o DCG determina o proceso de ensino-aprendizaxe das diferentes etapas educativas.

Especial relevancia ten a educación infantil como primeiro espazo de aprendizaxe orientado a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos (físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo) e atendendo ao carácter globalizador da etapa.

Unha das áreas de coñecemento básica é a da linguaxe. Importante en si propia como base de coñecemento lingüístico, mais tamén como medio de acceso a calquera coñecemento dos que integran o currículo.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:55:00
Nº Rexistro: 21956
Data envio: 16/09/2021 17:55:00.124

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No noso espazo educativo, as aprendizaxes lingüísticas teñen que alcanzar as dúas linguas oficiais de Galiza, galego e castelán, o que require duun proxecto lingüístico adaptado á realidade sociolingüística de cada centro concreto.

O dominio dunha lingua precisa de exposición visual e sonora que facilite a adquisición da competencia lingüística como unha competencia pasiva, mais, ao tempo, tamén favoreza o uso social, o intercambio comunicativo dentro e fóra da escola.

Comunicación e representación da realidade próxima como ámbitos de actuación nucleares do acceso á educación en equidade.

O alumnado ten que adquirir, no final da súa escolarización obrigatoria, de forma oral e escrita, unha boa competencia en galego e castelán, o que require que desde a educación infantil ambas as dúas estean presentes de forma activa no currículo.

No entanto, son frecuentes as reclamacións sociais sobre as dificultades de acceso a materiais didácticos en galego en diferentes materias do currículo do ensino primario, secundario e de formación profesional, mais tamén no que di respecto do currículo tan específico da educación infantil onde é prescritivo "desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión".

Nesta etapa infantil, a respecto da área de "Linguaxes: comunicación e representación", recóllese como finalidade: "comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais valorándoas como ferramentas de relación cos demais".

Obxectivo que require de exposición e acceso a materiais didácticos nas dúas linguas oficiais.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:55:00
Nº Rexistro: 21956
Data envio: 16/09/2021 17:55:00.124

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un estudo publicado pola Mesa pola Normalización Lingüística en 2017 evidenciaba que o 76% dos centros escolares empregaban de maneira maioritaria ou exclusiva o castelán na etapa de 3 a 6 anos.

Case o 40% dos centros que responderon a enquisa da asociación recoñeceron que usaban exclusivamente o castelán; outro 33% afirmaba usar de maneira maioritaria o castelán e un 19,4% dicía que o uso entre galego e castelán era do 50%. Só o 8,5% utilizaba máis o galego que o castelán nesta etapa educativa.

O Consello de Europa ratificou esta realidade. No seu informe do 5º ciclo de avaliación da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, publicado en 2021, demóstrase o incumprimento a respecto do galego dalgúns dos compromisos adquiridos tanto pola Xunta como polo Goberno estatal para garantir a súa presenza e uso no ensino.

Incide, ademais, o informe na "escasa presenza do galego na Educación Infantil" e na "privación de recursos didácticos" na lingua propia. Unha realidade que non vai permitir recuperar os elevados índices de descoñecemento da lingua propia e oficial das novas xeracións de galegos e galegas que acaba de determinar o estudo da Real Academia Galega e a USC.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:55:00
Nº Rexistro: 21956
Data envio: 16/09/2021 17:55:00.124

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Velar polo cumprimento da lexislación educativa asegurando que os centros de ensino conten cun catálogo completo e diversificado de materiais didácticos e libros de texto en galego.

2. Fomentar a elaboración de materiais curriculares de calidade en galego en todas as áreas didácticas.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/09/2021 17:48:02

Daniel Castro García na data 16/09/2021 17:48:05

Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2021 17:48:13

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 18:20:08
Nº Rexistro: 21968
Data envio: 16/09/2021 18:20:08.425

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Esta fin de semana, por causas aínda non determinadas, vertéronse ao río Tambre no concello de Trazo 200.000 litros de xurros procedentes dunha explotación gandeira, ocasionando o corte do subministro de auga en Santiago e problemas en distintos concellos que se abastecen da auga dese río.

Un vertido de tal magnitude –a pesar das mensaxes de "normalidade" e "control" por parte da Xunta- vai ter, ademais, un gran efecto no ecosistema formado por un río tan importante como o Tambre, que acaba desembocando na ría de Muros.

Non é un feito illado porque a contaminación dos nosos cursos fluviais e acuíferos por xurros –excrementos de orixe animal-- procedentes de granxas de todo tipo é algo, por desgraza, excesivamente común en Galicia e que tende a máis pola falla dunha verdadeira política de control medioambiental e, sobre todo, de depuración destes residuos.

Hai arredor de 2,7 millóns de cabezas de gando repartidas entre arredor de 36.000 explotacións de distintas especies. A Xunta leva moitos anos dicindo que considera prioritario o problema dos xurros e falando de convertelos en abono natural, luz ou gas.

Un problema que está repartido por toda Galicia con milleiros de explotacións pero que se presenta como máis acuciante en zonas como A Limia, que **concentra preto do 50 % de granxas industriais de porcos de Galicia (entre 200.000 e 300.000)** nun territorio que non chega ao 8 % da superficie de Galicia e onde os excrementos, na maior parte dos casos non están tratados adecuadamente e acaban contaminando os acuíferos da zonas e tamén os embalses dos que se colle a auga para o consumo humano, como o das Conchas, pechado este verán por niveis excesivos de nitratos e cianobacterias, ou o de Gundín, que abastecía de auga a Xinzo de Limia, hoxe pechado e inservible para o consumo humano pola contaminación. Hai en Ourense denuncias reiteradas nos últimos anos polos vertidos incontrolados procedentes destas explotacións, que

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 18:20:08
Nº Rexistro: 21968
Data envio: 16/09/2021 18:20:08.425

ademáis crecen en número a pesar da evidente sobreexplotación ante a pasividade da Xunta.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que a Xunta elabore con carácter inmediato un plan que permita mellorar o control dos xurros desde o punto de vista do seu almacenamento e tratamento, evitando vertidos ao noso sistema fluvial e aos nosos acuíferos e establecendo axudas para aquelas explotacións ambientalmente sostibles.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 16/09/2021 18:03:42

Paloma Castro Rey na data 16/09/2021 18:03:56

Martín Seco García na data 16/09/2021 18:04:08

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/09/2021 18:04:22

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 18:22:53
Nº Rexistro: 21974
Data envio: 16/09/2021 18:22:53.153

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Noelia Otero Lago e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O sector do automóbil a nivel mundial está a padecer a falla de abastecemento de semicondutores, cuestión que está a incidir dun xeito importante nas diferentes empresas do sector que ten a comarca de Vigo, o que provoca un gran número de paradas tanto na planta que Stellantis ten en Vigo como nas empresas provedoras que abastecen a propia planta principal, así como no resto dos construtores tanto en España como no resto de Europa que tamén están paralizando as súas producións. Esta situación, lonxe de resolverse a curto prazo, vemos como se acentúa nas últimas datas, aparecen informacións que din que se podería prolongar esta inestabilidade no subministro ata ben entrado o ano 2022.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é necesario que a Administración galega actúe con urxencia e que tendo as competencias en emprego, formación e industria lidere un plan global para o sector que permita minimizar este impacto negativo que a situación está a provocar no mantemento do emprego e a súa calidade.

Os eixos que deben articular este plan, que debe de ser consensuado cos axentes sociais, empresas do sector e sindicatos son a formación e a busca de novos proxectos industriais.

A formación é un mecanismo que debe servir para mellorar a competitividade dos traballadores, nun sector que está inmerso nun cambio radical da mobilidade que requirirá dunha recualificación dos profesionais que traballan nel e combinar a preparación cunha mitigación económica do impacto negativo que esta situación produce nos salarios, permitindo manter a capacidade de produción do sector e uns empregos dignos.

Por outra banda, esta situación está a demostrar a necesidade de volver a localizar en Europa certas actividades que no seu día foron deslocalizadas. Por iso, a Xunta de Galicia debe liderar a busca activa de oportunidades para a localización destes novos investimentos que se están a discutir no seo da Unión Europea e que contarán con fondos de recuperación.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 18:22:53
Nº Rexistro: 21974
Data envio: 16/09/2021 18:22:53.153

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Galicia non se pode permitir o luxo de perder capacidade de produción instalada, xa que provocaría unha importante perda de emprego e tamén sería dificultoso volver a conseguila debido a que as decisións da maioría das multinacionais tómanse a milleiros de quilómetros da nosa terra. Por outro lado, faise necesario apuntalar un dos sectores industrias máis importantes da comarca de Vigo e do conxunto de Galicia a través de localizacións de industrias relacionadas coas novas necesidades que o sector vai demandar a curto prazo. Para iso, tense que reverter a situación vivida nos últimos anos onde vimos pasar por diante das nosas portas investimentos millonarios que remataron no noso país veciño en moitas ocasión pola falla dunha política industrial clara e robusta.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a liderar a busca de solucións que permitan preparar o sector do automóbil para o futuro e atender as necesidades formativas e dun emprego digno no presente.

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 16/09/2021 18:08:58

Noelia Otero Lago na data 16/09/2021 18:09:13

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/09/2021 18:09:24

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/09/2021 18:09:40

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162
Data 17/09/2021 11:58

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda e Administración Pública, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto de 2021.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 17/09/2021 11:58:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162

XUNTA DE GALICIA

Expediente para Acordo

ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2021-TRANSFERENCIA TITULAR DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
REFERENCIA	AD-BC-AM – PRIMEIRO REPARTO DE FONDO CONSENSO
ENTIDADE / ORGANISMO	XUNTA DE GALICIA
ÓRGANO XESTOR	GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS
DATA DE APERTURA	28/07/2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AD-00-003-21
BC-23-004-21
AM-09.A1-004-21
AM-10.A1-002-21
AM-05.A2-001-21

1.1.2. Descrición operación

Adscrición de crédito, por un importe de 55.085.432,00 € no orzamento de gastos da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da Consellería de Emprego e Igualdade, da Consellería de Política Social, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Presidencia da Xunta de Galicia, con baixa de crédito na sección 23 "Gastos de diversas consellerías", como consecuencia da distribución do Fondo Consenso no seo da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 do Parlamento de Galicia.

Como consecuencia do incremento das súas transferencias internas:

Ampliación de crédito por 418.044 € na Axencia Galega de Infraestruturas.
Ampliación de crédito por 1.000.000 € na Axencia Galega das Industria Culturais.
Ampliación de crédito por 8.500.000 € na Axencia de Turismo de Galicia.
Modificación de crédito por 12.000.000 € nos orzamentos da entidade pública empresarial Augas de Galicia..
Modificación de crédito por 2.959.645 € nos orzamentos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos – ADSCRICIÓN DE CRÉDITO

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	01	14.04.713C.770.0	2021.00081	1016	1.000.000,00
001	01	09.01.542A.740.01- TRI AUGAS	2021.00158	1016	12.000.000,00

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	01	09.01.512B.732.04- TRI AXI	2021.00119	4190	418.044,00
001	01	11.02.313B.470.0	2021.00060	4390	4.000.000,00
001	01	13.03.312C.460.0	2021.00133	4390	495.000,00
001	01	13.03.313C.460.1	2021.00133	4390	710.000,00
001	01	13.03.313C.460.2	2021.00133	4390	3.616.000,00
001	01	13.03.313C.120.25	2021.00134	4390	525.434,55
001	01	13.03.313C.160.25	2021.00134	4390	161.308,45
001	01	13.03.313C.442.07-CONSORCIO	2021.00135	4390	2.959.645,00
001	01	13.05.312D.460.0	2006.00435	1016	12.000.000,00
001	01	10.40.432B.480.0	2021.00159	1016	2.000.000,00
001	01	10.40.432B.732.08-AGADIC	2021.00160	1016	1.000.000,00
001	01	04.40.441A.780.1	2013.00039	1016	1.700.000,00
001	01	04.40.441A.481.0	2021.00161	1016	4.000.000,00
001	01	05.21.761A.732.12- ATURGA	2015.00635	1016	3.000.000,00
001	01	05.21.761A.732.12- ATURGA	2021.00163	4190	5.500.000,00
				TOTAL.....	**55.085.432,00**

1.2.2 Recursos – BAIXA DE CRÉDITO

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	01	23.02.621B.650.1	2021.00093	1016	42.200.000,00
001	01	23.02.621B.650.1	2021.00093	4190	12.885.432,00
				TOTAL.....	**55.085.432,00**

1.2.2. Empregos – AMPLIACIONS DE CRÉDITO EN AXENCIAS

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
302	01	09.A1.512B.600.1- AXI	2021.00003	4190	418.044,00
301	01	10.A1.432B.760.0-AGADIC	2021.00002	1016	500.000,00
301	01	10.A1.432B.781.0-AGADIC	2021.00002	1016	500.000,00
306	01	05.A2.761A.770.2- ATURGA	2020.00001	1016	3.000.000,00
306	01	05.A2.761A.770.1- ATURGA	2021.00001	4190	2.000.000,00
306	01	05.A2.761A.760.1- ATURGA	2021.00001	4190	3.500.000,00
				TOTAL.....	**9.918.044,00**

1.2.3. Fundamento normativo

Disposición transitoria terceira da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162

Artigo 85.2. a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Disposición transitoria terceira da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, Fondo consenso, establece a creación dun fondo na sección 23 destinado a financiar proxectos de investimento que colaboren a impulsar a recuperación económica compatibles co modelo de crecemento que deseña o Plan Estratéxico de Galicia, a partir das transicións ecolóxica e dixital, a innovación e a cohesión social e territorial, que se formulen no seo da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da COVID-19, no marco do Dialogo social de Galicia ou polo Comité de Expertos Económicos de Galicia

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia publicouse, o 15.07.2021, a aprobación do Ditame da dita Comisión. Nela contémplanse as seguintes actuacións:

SUBFONDO DE APOIO SECTORIAL ..... 42.700.000 €
SUBFONDO APOIO Á TRANSICIÓN ECOLOXICA E DIXITAL ..... 26.500.000 €
SUBFONDO APOIO Á INNOVACION ..... 14.800.000 €
SUBFONDO RECUPERACIÓN INCLUSIVA ..... 31.000.000 €

Neste primeiro expediente repártense as seguintes cantidades:

SUBFONDO DE APOIO Á TRANSICIÓN ECOLÓXICA E DIXITAL.....	**13.500.000** €
Impulsar o proxecto GAIA para crear unha ferramenta dixital para o control efectivo do pastoreo	1.000.000 €
Apoiar os concellos con recursos para a dixitalización do ciclo da auga e a mellora da eficiencia das súas redes de abastecemento	12.000.000 €
Reforzar a dixitalización da mobilidade e as sendas verdes	500.000 €
SUBFONDO PARA UNHA RECUPERACIÓN INCLUSIVA	**31.000.000 €**
Reforzar o programa de emprendemento feminino (EMEGA) ata máis que duplicar a dotación dun ano normal	4.000.000 €
Potenciar o programa de reforzo dos equipos de valoración da discapacidade	2.015.152 €
Apoiar de forma extraordinaria as entidades no eido da inclusión social	12.984.848 €
Reforzar o sistema de axuda no fogar (SAF)	12.000.000 €
SUBFONDO DE APOIO SECTORIAL	**22.700.000 €**
Axudas ao deporte: para reactivar o sector no actual marco de aumento progresivo da mobilidade; e aos clubs e entidades deportivas para paliar a caída de ingresos por un ano sen público nos eventos deportivos.	5.700.000 €
Axudas ao turismo, para a promoción de campañas e márketing de destinos turísticos galegos, para investimentos en pemes turísticas, e o apoio aos concellos de menos de 10.000 habitantes	8.500.000 €

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162

Rescate de autónomos e microempresas.	5.500.000 €
Axudas á cultura, promovendo bonos e circuítos culturais que colaboren a reactivar o sector	3.000.000 €

TOTAL PRIMEIRO REPARTO: ..... **67.200.000 €**

PENDENTE DE REPARTIR ..... **47.800.000 €**

Dos 67.200.000 € deste primeiro reparto xa estaban reflectidos no vixente orzamento, a través de modificacións previas de crédito, por un importe de 12.114.568 €, as correspondentes a:

Rescate de autónomos e microempresas.....	5.500.000 €
Reforzar a dixitalización da mobilidade e as sendas verdes	81.956 €
Potenciar o programa de reforzo dos equipos de valoración da discapacidade.....	2.015.152 €
Apoiar de forma extraordinaria as entidades no eido da inclusión social	4.517.460 €

Polo tanto, a actual modificación supón un total de 55.085.432€.

Polo que se refire á entidade Augas de Galicia a variación no seu orzamento supón un incremento no orzamento de ingresos de 12.000.000 € en transferencias de capital e un incremento do orzamento de gastos en investimentos reais por 3.000.000 € e de 9.000.000 € en transferencias e subvencións de capital.

Polo que se refire ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a variación no seu orzamento supón un incremento no orzamento de ingresos de 2.959.645 € en transferencias correntes e un incremento do orzamento de gastos corrente polo mesmo importe.

A modificación de crédito non ten carácter de consolidable para exercicio posteriores.

Polo exposto, esta dirección xeral, ao abeiro do disposto na Disposición transitoria terceira da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 e do artigo 85.2.a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, somete para a súa autorización as modificacións de crédito nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	O Conselleiro de Facenda e Administración Pública P.D.: 10/02/2015 MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO

S LOPEZ PRADO, MIGUEL
21 10:36:36
CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162

XUNTA DE GALICIA

Expediente para Acordo

ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2021-TRANSFERENCIA TITULAR DE FACENDA
REFERENCIA	TR- RECTIFICACION DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO
ENTIDADE / ORGANISMO	XUNTA DE GALICIA
ÓRGANO XESTOR	CONSELLERIA DE EMPREGO E IGUALDADE
DATA DE APERTURA	29/07/2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

TR-23-007-21 - RECTIFICACION

1.1.2. Descrición operación

Transferencia de crédito, por un importe de 205.975,00€ dende o programa 621B-Imprevistos e Funcións non Clasificadas ao programa 321A-Dirección e Servizos Xerais de Emprego.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	24	11.01.321A.640.0	2021.00124	1010	205.975,00

1.2.2 Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	12	23.02.621B.520	2011.00912	1010	205.975,00

RECTIFICACIÓN DA TRANSFERENCIA INICIAL (MOVEMENTOS NEGATIVOS):

1.2.2. Empregos

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	24	11.02..313B.640.0	2021.00124	1010	-18.000,00
001	24	11.03..313B.640.2	2021.00124	1010	-18.000,00
001	24	11.03..313B.640.3	2021.00124	1010	-40.000,00
001	24	11.04..322C.640.0	2021.00124	1010	-57.975,00
001	24	11.05..323B.640.0	2021.00124	1010	-72.000,00
				TOTAL	**-205.975,00**

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162

1.2.3 Recursos

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	12	23.02.621B.520	2011.00912	1010	-205.975,00

1.2.3. Fundamento normativo

Artigos 66.c) e 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

O 20/05/2021 autorizouse a modificación de crédito TR-23-007-21, mediante a cal se transferían desde o programa de Imprevistos 400.000,00€ as diversas direccións xerais da Consellería de Emprego e Igualdade co obxecto de levar a cabo varias accións de difusión e promoción nos medios de comunicación.

As citadas actuacións íanse realizar de xeito descentralizado por cada unha das direccións xerais pero dado o carácter transversal destas, non é posible determinar a priori o importe que correspondería a cada xestor. En consecuencia, se solicita a rectificación parcial da modificación inicial co obxecto de centralizar o gasto na Secretaría Xeral Técnica da consellería.

En tanto que a rectificación non representa ningún prexuízo para a Facenda da Comunidade nin para terceiros e ao mesmo tempo contribúe á unha maior eficacia e eficiencia na xestión do gasto público a D.X. de Planificación e Orzamentos acorda proceder á rectificación da modificación inicial no sentido solicitado polo xestor.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162

A rectificación materializarase mediante movementos contables de signo negativo sobre as operacións 001-24- 20211120002866 e 001-12- 20212320000310 de xeito que, parcialmente, os créditos volvan á súa situación inicial e movemento positivo para acadar o resultado final de centralización na Secretaría Xeral Técnica.

A modificación de crédito non ten carácter de consolidable para exercicio posteriores.

Polo exposto, esta dirección xeral, ao abeiro do disposto nos artigos 66.c) e 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, somete para a súa autorización as modificacións de crédito nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO	O Conselleiro de Facenda e Administración Pública P.D.: 10/02/2015 MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO

JEL

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162

ASUNTO	Modificacións de Crédito Tramitadas: Informe para o Parlamento
PERÍODO	Agosto 2021

1. XERACIÓN

1.1. EXPEDIENTE CR-05.A2-001-21

(Código exp. CODEX XC-2021-1-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	ATURGA (306)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

1.1.1. Descrición

A presente modificación ten por obxecto repoñer o crédito na aplicación 05.A2.761A.480.0, proxecto 2020 00001, por importe de 864.458,50€ co obxecto de incrementar o financiamento do programa relativo ao bono #QuedamosEnGalicia21, e así atender ao maior número posible de demandantes que quedaron en lista de agarda para beneficiarse da tarxeta do bono turístico.

1.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
306	10	05.A2..761A.4800	Plan de choque para o reforzo do sector turístico: a familias e	2020.00001	3110	N	864.458,50	0,00

1.2. EXPEDIENTE XC-04-004-21

(Código exp. CODEX XC-2021-171-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Presidencia. (001.04.10)

1.2.1. Descrición

Xeración de crédito no capítulo VII do orzamento de gastos da Secretaría Xeral da Presidencia, por un importe 1.521.993 euros, para a tramitación de dúas contratacións en base á Resolución do 10 de maio de 2021, da Secretaría de Estado de Xustiza (BOE núm. 113, do 12 de maio de 2021)

1.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.10..131A.73200	Trasnferencias de capital a AMTEGA	2021.00153	4620	S	1.521.993,00	0,00

1.3. EXPEDIENTE XC-06-006-21

(Código exp. CODEX XC-2021-199-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (001.06)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.06.01)

1.3.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 14.500,00 € en conceptos orzamentarios do capítulo VI, do programa 731A do estado de gastos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para reposición de crédito de parte dos gastos dun sinistro no Laboratorio Metrolóxico de Galicia por ingresos da póliza de seguros.

1.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	06.01..731A.6330	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTENSILIOS	2015.00263	1010	N	14.500,00	0,00

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2021 11:58:36
Nº Rexistro: 22015
Data envio: 17/09/2021 11:58:36.162

1.4. EXPEDIENTE XC-06-007-21

(Código exp. CODEX XC-2021-200-00100005)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (001.06)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Planificación Enerxética e Recursos Naturais (001.06.02)

1.4.1. Descrición

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Convenio STCW (Standards of Training Certification and Whachtkeeping for Seafarers), ou Convenio internacional sobre as normas de formación, titulación e garda para a xente do mar foi aprobado pola Organización Marítima Internacional (OMI) para dotar aos traballadores do mar dunha competencia e profesionalidade que garanta a seguridade na navegación. A súa aprobación inicial tivo lugar en 1978 e foi posteriormente emendado en 1995 e en 2010, reforma na que se establecen os distintos títulos e certificados existentes, así como as normas de expedición, revalidación, validez e atribución dos títulos e certificados. Esta última, feita en Manila, entrou en vigor no 2012 cun período de implantación ata o 2017, pasando a esixirse dende ese momento de forma obrigatoria a actualización de determinados certificados, como os de suficiencia ou os de formación sanitaria e primeiros auxilios.

Esta formación impártese nos centros do Instituto Social da Marina, que debería, en previsión desa obrigatoriedade de renovación ter aumentado o número de prazas e de cursos, para dar solución á demanda e facilitar as renovacións. Pero non foi así, no 2020 caducaban os certificados expedidos no 2015, á reducida oferta superpúxose a pandemia, que paralizou por completo a impartición de cursos. Así, o ISM veuse na necesidade de prorrogar en abril do ano pasado a validez deses certificados “por un

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:19:19
Nº Rexistro: 21856
Data envio: 16/09/2021 11:19:19.160

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

período máximo de seis meses a contar dende a data de caducidade dos mesmos". En setembro corrixiu e amplíouno ata decembro de 2020.

Mais no 2021 a situación non mellorou, o número de prazas e cursos seguen sen ser suficientes para dar resposta ás necesidades actuais de renovación de certificados. Existe un gran número de persoas pendentes de realizar esa formación, sobre todo a sanitaria, e o ISM en vez de aumentar a súa oferta, desconvocou cursos alegando que non atopa profesionais para impartilos. Así, no que vai de 2021 suspendéronse cando menos seis cursos.

Os certificados en vigor son imprescindíbeis a día de hoxe para poder traballar a bordo, no entanto non é posíbel realizar os cursos no ISM, e malia iso négase a opción dunha nova prórroga, limitándose a suxerir que a formación pode realizarse tamén en centros privados homologados, onde os prezos dos cursos son moito máis elevados que nos públicos. Non é tolerábel que a administración non sexa capaz de solucionar o problema e esixa aos traballadores que realicen os cursos nos centros privados se queren seguir traballando.

No caso dos cursos para renovar ou revalidar os certificados de formación básica ou de suficiencia, imprescindíbeis para navegar, eximiuse dese requisito aos tripulantes de pesqueiros menores de 24 metros, ademais de estender un ano a vixencia do resto. Pero seguen a ter dificultades para facer os cursos porque a oferta do ISM é case nula, convócanse moi poucas prazas e algúns rematan sendo cancelados sen poder realizarse a formación. Todo isto supón un trastorno enorme, os mariñeiros deben quedar en terra para poder realizar o curso e finalmente non poden realizalo porque se suspende, mais non se lle indemniza nin se lle dá solución para a súa formación ou a prórroga do certificado actual.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:19:19
Nº Rexistro: 21856
Data envio: 16/09/2021 11:19:19.160

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á deficiente oferta súmase o deterioro e ineficacia na xestión dos cursos do ISM que foi posto de manifesto polo Tribunas de Contas no seu informe de fiscalización operativa sobre a formación no ISM. O organismo destacou que após a externalización dos cursos, este sufriran un claro encarecemento ao mesmo tempo que unha redución da súa calidade. Así, dende 2012, o sistema de formación do ISM pasou da contratación directa a realizar encomendas de xestión primeiro e despois de forma exclusiva a encargar a súa xestión a Tragsatec. Dende o 2019 mantívose un acordo cunha empresa privada exclusivamente.

Nese mesmo informe, o Tribunal considera que coa externalización a formación supuxo gastar o dobre de recursos e, mentres, a maior parte das persoas interesadas non puideron realizar o curso que lles cómpre. De feito, constátase un descenso de cursos impartidos, un aumento de cursos cancelados e unha caída de alumnado que rematou os cursos. O Tribunal asegura que só se atendeu o 18% das solicitudes para acceder a cursos de formación profesional marítimo e sanitario e que un 15% dos cursos que estaba previsto impartir foron cancelados.

En definitiva, as persoas que traballan no mar ven restrinxido o seu acceso a unha formación que se lles esixe de forma obrigatoria, pois o sistema formativo non se adapta ás súas necesidades e ás especialidades da súa profesión. Dende a administración pública e o ISM debe solucionarse esta situación de xeito urxente, aumentando a oferta e o número de prazas, facilitando a realización dos cursos e que sexa compatíbel coas xornadas e períodos de embarque e, mentres non se corrixa a situación, prorrogar a vixencia dos certificados que caduquen. Non pode descargarse a responsabilidade da falla de renovación e formación nas persoas traballadoras e esixirlles que cubran elas as deficiencias acudindo a centros privados, perdendo días de traballo e asumindo todo o custo económico e laboral que todo iso supón.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:19:19
Nº Rexistro: 21856
Data envio: 16/09/2021 11:19:19.160

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelacion:

. Que valoración fai o Goberno galego da actual oferta formativa para a obtención dos certificados obrigatorios que se lle esixen aos traballadores do mar?

. Que actuacións ten levado, ou vai levar a cabo para que esa oferta aumente e mellore?

. Solicitou ou vai solicitar unha nova prórroga para as persoas que non realizaron a formación á que se lles obriga por non existir oferta pública ou pola cancelación dos cursos que pretendían realizar?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 16/09/2021 11:17:53

María do Carme González Iglesias na data 16/09/2021 11:17:56

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:19:19
Nº Rexistro: 21856
Data envio: 16/09/2021 11:19:19.160

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 16/09/2021 11:18:04

CSV: BOPGDSPGlgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:39:53
Nº Rexistro: 21863
Data envio: 16/09/2021 11:39:53.098

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e **Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o cambio de criterio da Consellaría de Educación a respecto da oferta de materias no ensino rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son varios os centros, nomeadamente do rural, que están a denunciar nas últimas semanas, un cambio de criterio da Xunta que impide que se impartan materias en secundaria cando o número de alumnos/as é inferior á cinco.

Até o de agora, o criterio da consellaría de educación era que para impartir estas materias debía haber cando menos 5 alumnos no caso de centros urbanos ou rurais. Así mesmo, cando estas materias tivesen o carácter de troncais dentro do bloque de específicas esta limitación establecíase en 5 alumnxs no medio rural e de 10 alumnxs no ámbito urbano.

Porén, sendo este o criterio, a consellaría tiña como criterio que en habendo profesorado con dispoñibilidade horaria para impartir estas materias, estas puidesen darse nestes centros.

O que aconteceu este foi que a Consellaría de educación cambiou este criterio. Por iso, dende a inspección educativa levan semanas comunicando a estes centros que

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:39:53
Nº Rexistro: 21863
Data envio: 16/09/2021 11:39:53.098

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non se van permitir excepcións ao criterio xeral, e que polo tanto estes centros non poderán ofertar estas materias.

Con esta decisión da Consellaría de educación, tomada a última hora e sen ningún tipo de aviso, o alumnado do rural (o máis afectado, mais non o único) fica nunha evidente discriminación que implica que non poidan matricularse en materias e mesmo itinerarios que determinan o acceso a carreiras que queren cursar

Centros de vilas como San Sadurniño, Melide, Becerreá, Cangas, A Estrada; mais tamén centros urbanos das principais cidades do país, están padecer esta situación.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Vai a Consellaría de Educación autorizar que o alumnado matriculado en centros rurais poida cursar as materias troncais con independencia do número de alumnxs matriculados e do profesorado do centro?

. Vai o Goberno galego garantir que o alumnado poida cursar materias específicas con menos de cinco alumnos e alumnas cando se trate de centros con profesorado suficiente?

. Vai a Consellaría de Educación autorizar que o alumnado matriculado en centros rurais poida cursar as materias troncais con independencia do número de alumnxs matriculados e do profesorado do centro así como garantir que o alumnado de todos os centros poida cursar materias específicas con menos de cinco alumnxs cando se trate de centros con profesorado suficiente?

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 11:39:53
Nº Rexistro: 21863
Data envio: 16/09/2021 11:39:53.098

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 16/09/2021 11:38:33

Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2021 11:38:37

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/09/2021 11:38:45

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:47:59
Nº Rexistro: 21875
Data envio: 16/09/2021 12:47:59.777

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Xunta de Galicia incluíu nos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021 115 millóns de euros baixo a denominación de Fondo Consenso. A distribución do dito Fondo acordouse no Pleno do Parlamento de Galicia do 15 de xullo de 2021 con modificacións do Ditame da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da covid-19. Na dita comisión, a propia Cámara a través da Comisión, os axentes sociais a través do Diálogo Social e os expertos económicos do Comité constituído pola propia Xunta para o seu asesoramento na adopción de medidas pola crise, achegaron propostas que colaborasen á recuperación dos efectos económicos e sociais da crise.

O Ditame da Comisión conclúe que: "*A Comisión considera que o Fondo de Consenso debe complementar as asignacións orzamentarias dos programas operativos REACT e dos Proxectos propostos ao abeiro do Mecanismo para la Recuperación e a Resiliencia (MRR), potenciando as actuacións reactivas fronte aos efectos da pandemia, por una banda; e por outra, potenciando e acelerando o crecemento económico baseado na innovación e nas transicións ecolóxica e dixital*". Establecendo para o cumprimentos dos ditos fins actuacións concretas reactivas fronte aos efectos da pandemia:

- Apoio aos sectores que viron reducirse os seus ingresos por causa da pandemia;

- Reforzo dos elementos que favorecen unha recuperación inclusiva, potenciando as políticas sociais.

- Actuacións dirixidas a acelerar os factores nos que se baseará o crecemento económico no futuro.

- Apoio á innovación.

- Reforzo da transición ecolóxica e dixital.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:47:59
Nº Rexistro: 21875
Data envio: 16/09/2021 12:47:59.777

Para o que a Comisión aprobou asignar os recursos do Fondo de Consenso en catro "Subfondos":

- Subfondo de Apoio Sectorial, dotado con 42,7millóns de euros, que recolle as liñas de actuación que complementan as axudas xa convocadas para apoiar aos sectores máis impactados pola crise, nomeadamente axudas á Cultura, axudas ao Turismo, axudas ao Deporte e investimentos Estratéxicos de Pemes, que permitan ter acceso a proxectos tractores e estratéxicos para o noso tecido produtivo.

- Subfondo de Recuperación Inclusiva, dotado con 31 millóns de euros, co obxectivo de reforzar unha saída cohesionada socialmente da crise e con investimentos en política social.

- Subfondo de Apoio á transición ecolóxica e dixital, dotado con 26,5 millóns de euros, dirixido a adiantar e avanzar nos investimentos previstos na estratexia *Next Generation* Galicia, reforzando e complementando as actuacións en materia de transición ecolóxica e dixital complementarias dos fondos europeos.

- Subfondo de Apoio á Innovación, dotado con 14,8 millóns de euros para reforzar a dotación en innovación a través de tres actuacións: impulsar a innovación no sector aeronáutico no Polo de Rozas, impulsar o sector biotecnolóxico e axudas para a posta en marcha de centros de investigación en Galicia.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Pode dicirnos o Goberno galego cal é a execución orzamentaria do gasto total do dito Fondo Consenso en cada unha das partidas orzamentarias acordadas no Pleno de aprobación con modificacións do Ditame da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da covid-19?

2ª) En que medidas concretas se materializou a execución do gasto do Fondo Consenso das partidas orzamentarias acordadas no Pleno de aprobación con modificacións do ditame do Ditame da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da covid-19

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 12:47:59
Nº Rexistro: 21875
Data envio: 16/09/2021 12:47:59.777

3ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a aplicación deste Fondo Consenso e os resultados acadados?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/09/2021 12:47:04

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/09/2021 12:47:21

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:27:07
Nº Rexistro: 21887
Data envio: 16/09/2021 13:27:07.660

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Luis Bará Torres e **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As denominadas tarxetas "revolving" son un tipo de tarxeta nas que a titular pode dispor dun límite de crédito determinado, normalmente non moi elevado, que terá que devolver mediante o pago dunha cantidade periódica e non limitada no tempo. Habitualmente o pago realizarase mediante cotas fixas que, na meirande parte, afrontan o pago de xuros e só nunha reducida contía ao importe do principal prestado. Os xuros deste tipo de créditos ao consumo son exorbitantes superiores aos que poden presentar outros produtos crediticios, polo que é simple colixir que constitúen créditos "perpetuos".

A comercialización destes instrumentos crediticios por grandes centros comerciais e mesmo por empresas do comercio téxtil provocou a súa enorme expansión entre consumidoras que, en grande número dos casos, carecía de información abonda sobre o produto que estaba a contratar, sen coñecemento das súas características e sobre condicións en que o facía. Xa que logo un grande número de consumidoras e usuarias adquiriu un crédito perpetúo sen a consciencia sobre os aspectos esenciais do contrato asinado, que en moitos casos se lle ofrece -sen que o demandase- tras a realización da compra semanal ou da merca de roupa nun comercio.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:27:07
Nº Rexistro: 21887
Data envio: 16/09/2021 13:27:07.660

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como aconteceu en outras casos da historia recente, foi a difusión dun pronunciamento xudicial o que provocou un incremento das reclamacións ante o Banco de España e ante os diversos órganos xurisdicionais sobre a existencia deste créditos usurarios e xeito en que se comercializaban.

Así, as tarxetas revolving no 2020 supuxeron un máis dun 8,5% de todas as reclamacións recibidas polo Banco de España, o cal viu como se incrementaron nun 50% as recibidas sobre este asunto no exercicio anterior.

De xeito análogo vemos como os xulgados de primeira instancia de partidos xudiciais como Vigo e A Coruña están recibindo un número de demandas solicitando tanto a nulidade deste contratos, como a devolución das cantidades indebidamente percibidas polas entidades financeiras prestamistas. Número de demandas e procedementos que, actualmente, están a ter unha incidencia determinante no funcionamento da administración de xustiza nestes partidos xudiciais.

En resumo existe un número moi importante de familias que están a padecer as consecuencias da contratación dun crédito usurario de cuxo contido e funcionamento nin son, nin foron conscientes no momento de contratalo, e que en moitos casos foilles ofrecido sen que o demandaran, o ben foilles concedido aproveitando unha situación de urxente necesidade. Boa parte desas familias aínda son conscientes da ilegalidade dese crédito, cuxas onerosas cotas seguen a satisfacer puntualmente, e só unha parte das persoas afectadas acude aos xulgados demandando a nulidade dos contratos e a devolución do abusivamente percibido polas entidades financeiras. Procedementos xudiciais que en moitos casos implican custes e investimentos non recuperados polos prexudicados, en todos os casos supoñen un dobre castigo para as vítimas e que están a implicar un novo prexuízo social coa ralentización no funcionamento da administración de xustiza.

CSV: BOPGDSPGlgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:27:07
Nº Rexistro: 21887
Data envio: 16/09/2021 13:27:07.660

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

.Que accións realizou a Xunta de Galiza para a localización, orientación e defensa dos dereitos das persoas titulares de tarxetas revolving, así como para que anulación dos contratos abusivos e a devolución das cantidades indebidamente pagadas?

. A Xunta de Galiza coñece o número de persoas titulares de tarxetas revolving en Galiza?

. Sabe a Xunta de Galiza a repercusión que están a ter nos xulgados de Galiza o número de demandas solicitando a nulidade de tarxetas revolving?

. Cantos convenios asinou a Xunta de Galiza con Colexios da Avogacía en Galiza para o asesoramento e orientación de persoas prexudicadas pola contratación de tarxetas revolving?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:27:07
Nº Rexistro: 21887
Data envio: 16/09/2021 13:27:07.660

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2021 13:25:30

María do Carme González Iglesias na data 16/09/2021 13:25:34

Daniel Pérez López na data 16/09/2021 13:25:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/09/2021 13:25:54

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21946
Data envio: 16/09/2021 16:00:11.845

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 3.652 persoas entre 2010 e 2020, 307 nese último ano, segundo os datos recollidos na memoria do IMELGA, converténdonos no país de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicido consumada prodúcense 20 tentativas.

A pandemia orixinada pola Covid 19 está a agravar a situación, e deixa en evidencia que se antes da COVID os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos,

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21946
Data envio: 16/09/2021 16:00:11.845

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de perdas económicas e laborais e de perdas sociais, que se veñen a sumar a todos os problemas pre- Covid.

A asistencia eficaz é a que é accesíbel no momento que se precisa, logo a abordaxe é moito máis difícil, ou chega tarde. Sen o aumento de recursos, persoal, dispositivos, non é posíbel. Atención Primaria tiña que xogar un papel fundamental na detección, prevención, seguimento, que pola falta de recursos non pode realizar.

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Catro anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento e avaliación da situación...

A prevención do suicidio segue sen ocupar un lugar prioritario nas políticas publicas, a pesar do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Coida que a Xunta de Galiza está tendo unha actuación na prevención, detección e atención ao suicidio acorde á magnitude da incidencia no noso país?

. Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

. Parécelle asumíbel que no ano 2020 se teñan quitado a vida 307 galeg@s?

. Teñen algún estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza?, si é así cal é o resultado do mesmo?

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21946
Data envio: 16/09/2021 16:00:11.845

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Realizaron algún estudo para determinar os efectos que a pandemia orixinada pola Covid 19 está a ter na saúde mental da poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia?

. Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención ao suicidio?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2021 15:58:40

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2021 15:58:43

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2021 15:58:52

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:37:39
Nº Rexistro: 21954
Data envio: 16/09/2021 17:37:39.561

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda semana deste mes de setembro do ano en curso no ambulatorio de Boimorto foi derivado a Melide tres días un dos dous médicos que ten asignados desde hai xa ben anos. Disque para facer substitucións.

No verán e cando hai baixas aínda que estas sexan prolongadas non hai substitución nin de médicos nin tampouco de persoal sanitario. E así estamos.

Que aconteceu para que de repente, nun so ano, a tendencia, xa manifesta, a desarticular o sistema sanitario público se agravase deste xeito?

Só hai unha explicación: entregar a sanidade pública á empresa privada e botándolle a culpa á Covid.

A asistencia primaria pública de calidade é un ben esencial irrenunciable e o seu deterioro sume a poboación na tristeza e na desesperación.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:37:39
Nº Rexistro: 21954
Data envio: 16/09/2021 17:37:39.561

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón para que non se cubran as baixas do persoal sanitario dos ambulatorios?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2021 17:36:10

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2021 17:36:13

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/09/2021 17:36:23

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:55:48
Nº Rexistro: 21960
Data envio: 16/09/2021 17:55:48.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada etapa educativa vén determinada polo correspondente Deseño Curricular Base que regula a ordenación de cada etapa educativa conforme o marco legal vixente, trazando a evolución progresiva da consecución dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación propios de cada curso e etapa educativa.

Partindo do principio de progresión educativa, acompañando a maduración do alumnado, así como da avaliación continua, o DCG determina o proceso de ensino-aprendizaxe das diferentes etapas educativas.

Especial relevancia ten a educación infantil como primeiro espazo de aprendizaxe orientado a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos (físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo) e atendendo ao carácter globalizador da etapa.

Unha das áreas de coñecemento básica é a da linguaxe. Importante en si propia como base de coñecemento lingüístico, mais tamén como medio de acceso a calquera coñecemento dos que integran o currículo.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:55:48
Nº Rexistro: 21960
Data envio: 16/09/2021 17:55:48.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No noso espazo educativo, as aprendizaxes lingüísticas teñen que alcanzar as dúas linguas oficiais de Galiza, galego e castelán, o que require duun proxecto lingüístico adaptado á realidade sociolingüística de cada centro concreto.

O dominio dunha lingua precisa de exposición visual e sonora que facilite a adquisición da competencia lingüística como unha competencia pasiva, mais, ao tempo, tamén favoreza o uso social, o intercambio comunicativo dentro e fóra da escola.

Comunicación e representación da realidade próxima como ámbitos de actuación nucleares do acceso á educación en equidade.

O alumnado ten que adquirir, no final da súa escolarización obrigatoria, de forma oral e escrita, unha boa competencia en galego e castelán, o que require que desde a educación infantil ambas as dúas estean presentes de forma activa no currículo.

No entanto, son frecuentes as reclamacións sociais sobre as dificultades de acceso a materiais didácticos en galego en diferentes materias do currículo do ensino primario, secundario e de formación profesional, mais tamén no que di respecto do currículo tan específico da educación infantil onde é prescritivo “desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión”.

Nesta etapa infantil, a respecto da área de “Linguaxes: comunicación e representación”, recóllese como finalidade: “comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais valorándoas como ferramentas de relación cos demais”.

Obxectivo que require de exposición e acceso a materiais didácticos nas dúas linguas oficiais.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:55:48
Nº Rexistro: 21960
Data envio: 16/09/2021 17:55:48.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un estudo publicado pola Mesa pola Normalización Lingüística en 2017 evidenciaba que o 76% dos centros escolares empregaban de maneira maioritaria ou exclusiva o castelán na etapa de 3 a 6 anos.

Case o 40% dos centros que responderon a enquisa da asociación recoñeceron que usaban exclusivamente o castelán; outro 33% afirmaba usar de maneira maioritaria o castelán e un 19,4% dicía que o uso entre galego e castelán era do 50%. Só o 8,5% utilizaba máis o galego que o castelán nesta etapa educativa.

O Consello de Europa ratificou esta realidade. No seu informe do 5º ciclo de avaliación da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, publicado en 2021, demóstrase o incumprimento a respecto do galego dalgúns dos compromisos adquiridos tanto pola Xunta como polo Goberno estatal para garantir a súa presenza e uso no ensino.

Incide, ademais, o informe na "escasa presenza do galego na Educación Infantil" e na "privación de recursos didácticos" na lingua propia. Unha realidade que non vai permitir recuperar os elevados índices de descoñecemento da lingua propia e oficial das novas xeracións de galegos e galegas que acaba de determinar o estudo da Real Academia Galega e a USC.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que medidas vai pór en andamento o goberno galego para dotar os centros educativos dunha oferta de libros de texto e materiais didácticos en galego ampla, diversa e de calidade?

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 17:55:48
Nº Rexistro: 21960
Data envio: 16/09/2021 17:55:48.764

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. É coñecedora a Xunta da escaseza de oferta de materiais didácticos e libros de texto en galego en diferentes materias de primaria e secundaria e nomeadamente para o currículo de educación infantil?

. Como valora esta eiva de cara a conseguir o alumnado os obxectivos curriculares de adquisición de competencia lingüística?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/09/2021 17:54:05

Daniel Castro García na data 16/09/2021 17:54:09

Mercedes Queixas Zas na data 16/09/2021 17:54:21

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 18:20:32
Nº Rexistro: 21969
Data envio: 16/09/2021 18:20:32.164

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Esta fin de semana, por causas aínda non determinadas, vertéronse ao río Tambre no concello de Trazo 200.000 litros de xurros procedentes dunha explotación gandeira, ocasionando o corte do subministro de auga en Santiago e problemas en distintos concellos que se abastecen da auga dese río.

Un vertido de tal magnitude –a pesar das mensaxes de "normalidade" e "control" por parte da Xunta- vai ter, ademais, un gran efecto no ecosistema formado por un río tan importante como o Tambre, que acaba desembocando na ría de Muros.

Non é un feito illado porque a contaminación dos nosos cursos fluviais e acuíferos por xurros –excrementos de orixe animal-- procedentes de granxas de todo tipo é algo, por desgraza, excesivamente común en Galicia e que tende a máis pola falla dunha verdadeira política de control medioambiental e, sobre todo, de depuración destes residuos.

Hai arredor de 2,7 millóns de cabezas de gando repartidas entre arredor de 36.000 explotacións de distintas especies. A Xunta leva moitos anos dicindo que considera prioritario o problema dos xurros e falando de convertelos en abono natural, luz ou gas.

Un problema que está repartido por toda Galicia con milleiros de explotacións pero que se presenta como máis acuciante en zonas como A Limia, que **concentra preto do 50 % de granxas industriais de porcos de Galicia (entre 200.000 e 300.000)** nun territorio que non chega ao 8 % da superficie de Galicia e onde os excrementos, na maior parte dos casos non están tratados adecuadamente e acaban contaminando os acuíferos da zonas e tamén os embalses dos que se colle a auga para o consumo humano, como o das Conchas, pechado este verán por niveis excesivos de nitratos e cianobacterias, ou o de Gundín, que abastecía de auga a Xinzo de Limia, hoxe pechado e inservible para o consumo humano pola contaminación. Hai en Ourense denuncias reiteradas nos últimos anos polos vertidos incontrolados procedentes destas explotacións, que ademáis crecen en número a pesar da evidente sobreexplotación ante a pasividade da Xunta.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 18:20:32
Nº Rexistro: 21969
Data envio: 16/09/2021 18:20:32.164

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que medidas está levando a cabo o Goberno galego para controlar e evitar a contaminación procedente de xurros das explotacións gandeiras de Galicia aos nosos ríos, rías e acuíferos?

2ª) Como vai encarar o Goberno galego o problema cada vez maior dos xurros procedentes das explotacións gandeiras de todo tipo que hai en Galicia, especialmente á luz da lexislación europea que endurece os requisitos de control e tratamento deste tipo de contaminantes?

3ª) Cal é o volume de xurros que producen as explotacións gandeiras de Galicia?

4ª) Cal é o volume de xurros que se está tratando?

5ª) De que forma se están a tratar os xurros?

6ª) Cal é a evolución do número de cabezas de gando de todo tipo en Galicia nos últimos anos?

7ª) Ten o Goberno galego previsto seguir incrementando o número de cabezas de gando de todo tipo?

8ª) Cantas inspeccións a explotacións gandeiras fixéronse para controlar o tratamento dos xurros en cada un dos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020? Cantas sancións se impuxeron en cada un dos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 por infraccións nas obrigas de tratamento dos xurros ou por vertidos contaminantes de xurros?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 16/09/2021 18:02:59

Paloma Castro Rey na data 16/09/2021 18:03:12

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 18:20:32
Nº Rexistro: 21969
Data envio: 16/09/2021 18:20:32.164

Martín Seco García na data 16/09/2021 18:03:22

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:47:27
Nº Rexistro: 21923
Data envio: 16/09/2021 13:47:27.754

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de setembro detectouse por parte da Xunta de Galiza unha vertedura de aproximadamente 200m3 de xurro gandeiro procedentes dunha explotación no concello de Trazo. A vertedura que por medio do regato de Portaferreiros foi parar ao río Tambre, levantou todas as alarmas nos concellos que captan auga deste río, Santiago, Ames e Brión.

A pesar da importancia da cantidade vertida e do perigo que para a saúde da cidadanía supón a presenza destas substancias na auga, soamente o sábado 11 lles foi comunicado aos concellos afectados nas súas captacións de auga este feito.

A magnitude do acontecido reclama unha avaliación dos danos causados, tanto para a veciñanza como para flora e fauna, xa que a vertedura provocou a morte de milleiros de peixes e danos non visibles a curto prazo na flora e fauna do río Tambre até a embocadura en Noia.

O feito debe ser tamén unha chamada á reflexión do estado das augas fluviais, da súa vixilancia e control periódico e da necesidade de coidado extremo destas vías de auga pola dependencia humana da súa existencia en bo estado.

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:47:27
Nº Rexistro: 21923
Data envio: 16/09/2021 13:47:27.754

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cales foron as medidas tomadas polo goberno galego para garantir o abastecemento dos concellos de Ames e Compostela sen poñer en risco a saúde das súas poboacións e en que momento exacto puxo en coñecemento destes concellos a situación creada pola vertedura?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2021 13:45:54

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2021 13:45:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/09/2021 13:46:09

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGIgONf1mVB4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/